

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 8497** *Real decreto 639/2014, do 25 de xullo, polo que se regulan a troncalidade, a reespecialización troncal e as áreas de capacitación específica, se establecen as normas aplicables ás probas anuais de acceso a prazas de formación e outros aspectos do sistema de formación sanitaria especializada en Ciencias da Saúde e se crean e modifican determinados títulos de especialista.*

O desenvolvemento do título II da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, levouse a cabo a través de diversas normas como o Real decreto 1146/2006, do 6 de outubro, polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde; o Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada; o Real decreto 459/2010, do 16 de abril, polo que se regulan as condicións para o recoñecemento de efectos profesionais a títulos estranxeiros de especialista en Ciencias da Saúde, obtidos en Estados non membros da Unión Europea, e, por último, o Real decreto 578/2013, do 26 de xullo, polo que se establecen medidas de acción positiva aplicables ás persoas con discapacidade que participen nas convocatorias anuais de probas selectivas para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada.

Como continuación deste proceso, este real decreto constitúe un paso de indubidable importancia no desenvolvemento do artigo 19 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, que prevé a adquisición de competencias comúns a varias especialidades en Ciencias da Saúde a través dun período de formación uniforme, denominado tronco, en converxencia coa estrutura da formación especializada doutros países membros da Unión Europea.

A troncalidade implica unha evolución do sistema formativo e unha adaptación das estruturas docentes a novos programas formativos e aos correspondentes requisitos de acreditación de centros e unidades docentes, en consonancia cos períodos, troncal e específico, que integrarán a formación completa das especialidades en Ciencias da Saúde.

Coa troncalidade preténdese tamén que os profesionais sanitarios, a través das competencias adquiridas no período de formación troncal, aprendan a abordar desde as primeiras etapas da súa formación especializada os problemas de saúde dunha maneira integral e a traballar da forma máis adecuada para poder proporcionar unha atención sanitaria orientada á eficaz resolución dos procesos dos pacientes, co enfoque interdisciplinar e pluridisciplinar que o estado actual da ciencia require. Por outra parte, a troncalidade permite unha maior flexibilización do catálogo de especialidades en Ciencias da Saúde, que en moitos casos se configuraron como compartimentos estancos illados entre si e derivaron nun encadramento excesivo dos profesionais e en dificultades para abordar os problemas de saúde en equipos pluridisciplinares de especialistas. O presente real decreto baséase, por tanto, nunha visión integral das persoas que demandan a atención sanitaria, que posibilita unha mellora na calidade asistencial e na seguranza dos pacientes.

Xunto coa troncalidade, este real decreto desenvolve as previsións do artigo 23 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, regulando os aspectos esenciais dos procedementos de reespecialización dos profesionais que prestan ou prestaron servizos no sistema sanitario para adquirir un novo título de especialista do mesmo tronco. A posible reespecialización dos profesionais será, sen dúbida, un elemento motivador para o persoal que xa presta servizos no sistema, ao mesmo tempo que dotará as administracións sanitarias dunha

ferramenta útil que permita unha maior adecuación dos recursos humanos ás necesidades de especialistas do sistema sanitario.

Támén se desenvolven neste real decreto os artigos 24, 25 e 29 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, relativos ás áreas de capacitación específica, o que permitirá a algúns profesionais afondar naquelas facetas que demanda o progreso científico no ámbito dunha ou varias especialidades en Ciencias da Saúde. As citadas áreas configúranse como outro dos elementos chave no sistema de formación sanitaria especializada deseñado pola citada lei, xa que posibilitan a alta especialización dos profesionais. As áreas de capacitación específica serán un elemento natural de profundamento ou ampliación da práctica profesional dos especialistas mediante a adquisición de competencias avanzadas a través dun programa formativo específico.

A través do seu capítulo V, este real decreto desenvolve o artigo 22 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, actualizando e racionalizando a normativa reguladora das probas de acceso a prazas de formación sanitaria especializada que foi obxecto de diversas modificacións parciais, polo que as previsións contidas no capítulo citado favorecerán unha visión global e transparente destes procesos selectivos, mantendo as características xerais destas probas e, en consecuencia, o seu alto grao de aceptación.

Finalmente, a necesaria adecuación á demanda asistencial da poboación e a evolución dos coñecementos científicos son as razóns fundamentais que determinaron que, facendo uso da competencia prevista no artigo 16 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, se proceda á creación ou modificación de determinados títulos de especialista. Estes cambios determinaron, por un lado, a actualización do catálogo de especialidades contido no anexo I do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, e, por outro, a necesidade de asentar as bases para que, ao abeiro do previsto na disposición transitoria quinta da Lei 44/2003, do 21 de novembro, os ministerios de Educación, Cultura e Deporte e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade desenvolvan as vías transitorias de acceso dos profesionais aos novos títulos de especialista mediante a acreditación da súa competencia no ámbito das novas especialidades.

A implantación das medidas incorporadas neste real decreto debe ir acompañada dunha decidida aposta das administracións sanitarias pola incorporación de elementos de innovación docente e do uso das tecnoloxías da información e comunicación a fin de potenciar a calidade do noso modelo formativo, a seguranza dos pacientes e unha maior eficacia e eficiencia no proceso de adquisición das competencias necesarias para o adecuado exercicio das profesións sanitarias.

O presente real decreto foi debatido e sometido a informe da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, na cal están representadas, ademais das consellerías de sanidade das distintas comunidades autónomas, os ministerios de Defensa, Facenda e Administracións Públicas, Educación, Cultura e Deporte, Emprego e Seguridade Social e Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Este real decreto foi sometido a informe tanto das organizacións colexiais de médicos, de farmacéuticos, de psicólogos, de odontólogos e estomatólogos, de enfermeiros, de químicos, de biólogos e de físicos como dos órganos asesores dos ministerios de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e de Educación, Cultura e Deporte, en materia de formación sanitaria especializada.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, do ministro de Educación, Cultura e Deporte e da ministra de Emprego e Seguridade Social, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 25 de xullo de 2014,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto:

- a) Incorporar criterios de troncalidade na formación de determinadas especialidades en Ciencias da Saúde e regular os órganos asesores, os criterios de organización e outras características propias do réxime formativo troncal, desenvolvendo o disposto no artigo 19 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.
- b) Regular o procedemento para a obtención dun novo título de especialista mediante a formación nunha especialidade pertencente ao mesmo tronco que o do título de especialista que se posúe, desenvolvendo o artigo 23 da Lei 44/2003, do 21 de novembro.
- c) Regular as áreas de capacitación específica e o procedemento de obtención dos diplomas oficiais destas áreas, de acordo co previsto nos artigos 24, 25 e 29 da Lei 44/2003, do 21 de novembro.
- d) Regular as normas aplicables ás convocatorias anuais de probas selectivas para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada, de acordo co disposto no artigo 22 da Lei 44/2003, do 21 de novembro.
- e) A creación e, se for o caso, modificación de determinados títulos de especialista en Ciencias da Saúde, con suxeición ao previsto no artigo 16 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, e a actualización da relación de especialidades polo sistema de residencia incluída no anexo I do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e se clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada.

CAPÍTULO II

Da troncalidade

Artigo 2. *Formación especializada troncal.*

1. A incorporación de criterios de troncalidade na formación de especialistas en Ciencias da Saúde ten a finalidade de que os residentes adquiren as competencias profesionais determinadas no programa formativo oficial da correspondente especialidade cun enfoque interdisciplinar e pluridisciplinar das especialidades adscritas ao mesmo tronco que favoreza o traballo en equipo e a atención integral do paciente nos procesos preventivos, diagnósticos, terapéuticos e rehabilitadores.

2. O tronco defínese como o conxunto de competencias nucleares e comúns a varias especialidades en Ciencias da Saúde que se adquiren a través dun período de formación especializada, denominado período troncal, cuxa duración se axustará ao previsto no artigo 19.2 da Lei 44/2003, do 21 de novembro.

3. A formación completa nas especialidades en Ciencias da Saúde adscritas ao réxime de formación especializada troncal comprenderá dous períodos sucesivos de formación programada, un, de carácter troncal, e outro, de formación específica na especialidade de que se trate.

O tronco cursado, desvinculado dun período de formación específica, non terá por si mesmo efectos profesionais.

4. Sen prexuízo das especificidades previstas neste real decreto, ás especialidades troncais seralles de aplicación o réxime xurídico que regula a formación sanitaria especializada nos termos previstos no capítulo III do título II da Lei 44/2003, do 21 de novembro, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 3. Especialidades troncais e determinación de troncos.

1. Terán carácter troncal as especialidades en Ciencias da Saúde que se relacionan no anexo I deste real decreto, clasificadas nos troncos que se determinan neste anexo.

2. A creación, supresión, fusión e cambio de denominación de troncos, así como a determinación das especialidades que se integran en cada un deles, aprobaranse mediante real decreto, por proposta dos ministerios de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e de Educación, Cultura e Deporte, cos informes previos do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde, da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde e da organización ou organizacións colexiais que correspondan.

Artigo 4. Programas formativos oficiais das especialidades adscritas ao sistema formativo troncal.

1. Os programas formativos oficiais das especialidades adscritas ao sistema formativo troncal aprobaranse de acordo co previsto no artigo 21.2 da Lei 44/2003, do 21 de novembro.

2. Os programas formativos oficiais de cada unha das especialidades troncais definirán as competencias que adquiriran os residentes nos dous períodos de formación, troncal e específico, que integran cada unha delas.

Estes programas especificarán, para o período troncal, as competencias comúns a todas as especialidades integradas nun mesmo tronco que serán elaboradas pola comisión delegada de tronco que en cada caso corresponda.

Así mesmo, concretarán, para o período específico, as competencias correspondentes a cada unha das especialidades integradas nun mesmo tronco que serán elaboradas, unha vez determinadas as do período formativo troncal, pola comisión nacional da especialidade de que se trate.

Todo isto sen prexuízo da posibilidade de que nos programas formativos oficiais se inclúan, neste período específico, competencias comúns a dúas ou máis especialidades por compartir algún ámbito de actuación profesional similar ou afín.

3. Os programas formativos oficiais tamén incluírán competencias de carácter xenérico ou transversal, comúns a todas as especialidades en Ciencias da Saúde, coas adaptacións necesarias de acordo coa titulación requirida para o acceso á especialidade. O proceso de adquisición destas competencias levarase a cabo ao longo de todo o período formativo e desenvolveranse nas unidades docentes acreditadas en que se forme o residente.

O Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde elaborará as competencias de carácter xenérico ou transversal ás cales se refire o parágrafo anterior.

4. Durante o período troncal do programa formativo oficial das especialidades troncais non se autorizarán rotacións externas das previstas no artigo 21 do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro.

A duración das rotacións externas durante o período de formación específica do programa oficial das especialidades troncais non poderá superar os 4 meses, na totalidade do dito período.

Artigo 5. Acreditación de unidades docentes de carácter troncal e de especialidade.

1. O período de formación especializada troncal impartirase en unidades docentes de carácter troncal acreditadas por resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, con suxeición ao previsto no artigo 26.3 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, e nos artigos 4, 5 e 6 do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro.

2. O período de formación específica impartirase en unidades docentes acreditadas para a formación na especialidade de que se trate por resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e

Igualdade, con suxeición ao previsto no artigo 26.3 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, e nos artigos 4, 5 e 6 do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro.

3. Calquera modificación da estrutura dunha unidade docente acreditada, troncal ou de especialidade, requirirá unha nova resolución de acreditación da persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co previsto no artigo 26.3 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, e nos artigos 5 e 6 do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro.

4. Tanto as unidades docentes de carácter troncal como as de formación específica cumprirán os requisitos de acreditación que en cada caso establezan, con suxeición ao previsto no artigo 26.1 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, os ministerios de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e de Educación, Cultura e Deporte, por proposta da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde.

5. As unidades docentes de carácter troncal e as unidades docentes de especialidade acreditadas inscribíranse no rexistro de centros acreditados para a formación de especialistas a que se refire o artigo 32.3 da Lei 44/2003, do 21 de novembro. Neste rexistro faranse constar os datos relativos á entidade titular da unidade docente, a comisión de docencia a que se adscribe, a capacidade docente da unidade expresada no número de residentes por ano, os dispositivos que a integran e o itinerario formativo tipo proposto pola correspondente comisión de docencia para a acreditación da unidade.

Artigo 6. *Comisións de docencia.*

1. As comunidades autónomas adscribirán as unidades docentes de carácter troncal a unha comisión de docencia xa constituída ou ben a unha comisión de docencia especificamente creada para un ou varios troncos cando así o aconselle o número de residentes, o grao de dispersión, a natureza múltiple dos dispositivos formativos ou outras características derivadas de criterios docentes e organizativos da comunidade autónoma de que se trate.

En ambos os tipos de comisións de docencia estarán representados os titores e os residentes do período formativo troncal.

2. Ás comisións de docencia que estendan o seu ámbito de actuación á formación troncal seralles de aplicación, coas necesarias adaptacións e peculiaridades previstas neste real decreto, o disposto nos artigos 8, 9 e 10 do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, e na normativa autonómica que en cada caso resulte de aplicación.

Artigo 7. *Titores do período de formación troncal.*

1. Os titores do período de formación troncal, que deberán ser especialistas en servizo activo de calquera das especialidades que integren o tronco de que se trate, garantirán a adquisición de competencias do período troncal do programa formativo oficial da especialidade de que se trate e a aplicación dos criterios de avaliación aos cales se refire o artigo 8.1 deste real decreto, no marco do previsto nos artigos 11, 12, 14 e 15 do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, e nas normas autonómicas derivadas do seu desenvolvemento.

2. Os titores troncais exercerán prioritariamente as súas funcións no período formativo troncal. Non obstante, as comunidades autónomas, por razóns organizativas ou por proposta xustificada da comisión de docencia, poderán determinar que os titores alternen as súas funcións entre o período formativo troncal e o da especialidade nos termos que se achen convenientes, segundo as circunstancias de cada caso.

3. A Comisión de Formación Continuada das Profesións Sanitarias, ao abeiro do previsto no artigo 34.4.b) da Lei 44/2003, do 21 de novembro, terá en conta o carácter prioritario de actividades de formación continuada relacionadas co modelo de formación troncal para especialistas en Ciencias da Saúde, con vistas á capacitación de novos titores e á actualización de competencias dos xa existentes.

Artigo 8. Avaliación dos residentes das especialidades adscritas ao réxime de formación troncal.

Á avaliación dos residentes das especialidades adscritas ao réxime de formación troncal seralle de aplicación o capítulo VI do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, coas seguintes peculiaridades:

a) Os criterios de avaliación que determinen as comisións nacionais da especialidade serán propostos para o período de formación troncal polas comisións delegadas de tronco.

b) O deseño e a estrutura básica do libro do residente será levada a cabo, no que se refire ao período de formación troncal, pola comisión delegada de tronco que en cada caso corresponda e para o período de formación específica pola comisión nacional da especialidade.

c) Na comisión de docencia a que se adscriba unha unidade docente troncal constituirase un comité de avaliación dese tronco, cuxa función será a de levar a cabo a avaliación anual e final do período formativo troncal.

Este comité terá a composición prevista no artigo 19.2 do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, salvo a vogalía sinalada na súa alínea d), que será substituída por profesionais designados pola comisión de docencia de entre os que presten servizos nos dispositivos que integran a unidade docente troncal como especialistas dalgunha das especialidades do tronco de que se trate.

O número de profesionais a que se refire o parágrafo anterior será, como máximo, de catro no caso de troncos integrados por máis de dez especialidades; de tres no suposto de troncos integrados por entre catro e dez especialidades; e de dous no caso de troncos integrados por tres ou menos especialidades.

d) A avaliación do último ano de tronco poderá ser positiva, negativa recuperable ou negativa non recuperable. Terá o carácter de avaliación final de tronco e será realizada polo comité de avaliación ao concluír o noveno mes do último ano do período troncal.

A avaliación positiva do período troncal permitirá que o residente realice unha rotación interna, durante os tres últimos meses do período troncal, elixida conxuntamente co seu titor en áreas de especial interese para a súa formación. Concluída a estadía, o residente continuará co período de formación específica da especialidade elixida, segundo o previsto no artigo 35.3. Estas estadías non terán a consideración de rotacións externas e deberán levarse a cabo nos centros ou unidades docentes acreditados para a docencia situados na mesma comunidade autónoma en que se realizou a formación troncal, atendendo á capacidade docente daqueles.

Cando a avaliación do período troncal sexa negativa recuperable, a recuperación levarase a cabo dentro dos tres últimos meses do período de formación troncal. A avaliación positiva do período de recuperación permitirá ao residente iniciar o período de formación específica na especialidade elixida, segundo o previsto no artigo 35.3.

Nos supostos en que o período de recuperación sexa avaliado negativamente ou en que a avaliación do período formativo troncal sexa negativa non recuperable, observarase o disposto no parágrafo final do artigo 22.1 do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro.

e) Cando a duración do período troncal diminúa ou aumente até un máximo de seis meses, a avaliación do último período de formación troncal levarase a cabo tres meses antes de que conclúa ese período de aumento ou diminución, a fin de facilitar a realización das rotacións internas ou os períodos de recuperación previstos na alínea d).

O aumento ou diminución do período formativo troncal afectará todas as especialidades incluídas no tronco de que se trate.

Artigo 9. Natureza e funcións das comisións delegadas de tronco.

1. Ao abeiro do previsto no artigo 30.3.b) da Lei 44/2003, do 21 de novembro, existirá unha comisión delegada de tronco do Consello Nacional de Especialidades en

Ciencias da Saúde por cada un dos troncos que se relacionan no anexo I deste real decreto.

2. As comisións delegadas de tronco exercerán as seguintes funcións:
 - a) Elaborar o programa formativo do seu tronco.
 - b) Determinar os criterios de avaliación do período formativo troncal que se terán en conta na determinación das directrices básicas de avaliación do dito período, segundo o previsto no artigo 28 do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro.
 - c) Establecer criterios para a avaliación das unidades docentes do correspondente tronco.
 - d) Deseñar a estrutura básica do libro do residente para o período de formación troncal con suxeición ao procedemento previsto no artigo 18.4 do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro.
 - e) Propor medidas de mellora e incentivar o desenvolvemento da formación troncal.
 - f) Realizar cantos informes lles sexan solicitados en relación coas funcións que lles corresponden.
 - g) Informar o Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde sobre a implantación, desenvolvemento e demais cuestións derivadas da incorporación de criterios de troncalidade no sistema de formación sanitaria especializada.
 - h) As funcións que se determinen nas disposicións que regulen a formación de especialistas en Ciencias da Saúde.

Artigo 10. Composición e funcionamento das comisións delegadas de tronco.

1. Cada comisión delegada de tronco estará integrada por vogais designados pola persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co seguinte procedemento:

a) Cada comisión nacional de especialidade adscrita a un tronco propondrá até tres candidatos de entre os seus vogais que terán, preferentemente, experiencia en funcións de titoría e en metodoloxía docente, avaliativa e de calidade. A persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade nomeará os vogais da comisión delegada de tronco de entre os candidatos propostos, logo de informe do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde e da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde.

No caso das especialidades pluridisciplinares, nas comisións delegadas de tronco existirá unha representación que teña en conta as distintas titulacións que poden acceder ás ditas especialidades.

O número de vogais designados por proposta das comisións nacionais de especialidades troncais será de sete no caso de troncos integrados por dez ou máis especialidades, e de catro, nos troncos integrados por menos de dez especialidades.

O nomeamento destes vogais terá unha duración de catro anos e soamente poderán ser designados novamente para un período de igual duración.

b) Os vogais representantes dos residentes serán elixidos entre os residentes adxudicatarios dunha praza do tronco correspondente.

O nomeamento deses vogais terá unha duración igual á da formación especializada troncal de que se trate e requirirá a aceptación previa do interesado. A escolla levarase a cabo mediante chamamento de todos os residentes troncais seguindo unha orde aleatoria que se iniciará a partir do primeiro apelido que comece pola letra que se determine anualmente no sorteo previsto no artigo 17 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado.

O número destes vogais será de dous, no caso de troncos integrados por dez ou máis especialidades, e de un nos troncos integrados por menos de dez especialidades.

2. Cada comisión delegada de tronco elixirá de entre os seus membros o presidente e o vicepresidente.

3. As comisións delegadas de tronco funcionarán en pleno ou en grupos de traballo. A persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade poderá acordar que a estes grupos de traballo se incorporen, con voz e sen voto, expertos na materia de que se trate.

O pleno das comisións delegadas de tronco e os seus grupos de traballo levarán a cabo reunións presenciais e non presenciais, a través de medios informáticos, audioconferencia ou outros medios de comunicación.

4. A persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, oída a comisión delegada de tronco, poderá acordar, mediante resolución motivada, o cesamento de todos os vogais ou de parte deles por manifesto incumprimento das súas obrigacións ou das normas de funcionamento da comisión. No caso de que o cesamento sexa de todos os membros, o nomeamento dos novos vogais aterase ao disposto no artigo 10.1 a). Cando o cesamento sexa parcial, os novos vogais designaranse de entre os tres que propoña a comisión ou comisións nacionais de especialidade ás cales pertencen os vogais que cesaron ou, no caso dos vogais representantes dos residentes, polo procedemento regulado no número 1. B) deste artigo.

5. No non previsto por este real decreto, o funcionamento das comisións delegadas de tronco adecuarase ao réxime establecido para os órganos colexiados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

CAPÍTULO III

Da reespecialización troncal para profesionais do sistema sanitario

Artigo 11. *Formación para unha nova especialización.*

A obtención dun novo título de especialista polo sistema de reespecialización regulado polo artigo 23 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, levarase a cabo polo procedemento que se determina neste capítulo.

Artigo 12. *Determinación da oferta de prazas en formación polo sistema de reespecialización.*

1. O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, en colaboración coas comunidades autónomas, determinará, a través de distintos instrumentos de planificación de recursos humanos, as especialidades que se consideran deficitarias no sistema sanitario para efectos da concreción da cota de prazas en formación que integrarán a oferta de reespecialización para todo o Estado.

2. A cota de prazas en formación que integrará a oferta de reespecialización para todo o Estado referirase a especialidades deficitarias e determinarase nos termos previstos no artigo 22, números 3, 5 e 6, da Lei 44/2003, do 21 de novembro, na oferta anual que se inclúe na orde pola que se aproba a convocatoria anual de probas selectivas que se regula no capítulo V deste real decreto. Esta cota non poderá ser superior ao 2 % das prazas ofertadas para a totalidade das especialidades troncais na convocatoria anual en que, se for o caso, se inclúan.

A porcentaxe máxima de prazas en formación que poderán ofertarse en cada comunidade autónoma para a súa cobertura por este procedemento non poderá ser superior ao 10 % do total das ofertadas pola correspondente comunidade autónoma na convocatoria nacional en que se inclúan.

Artigo 13. *Selección de adxudicatarios de prazas en formación polo sistema de reespecialización.*

1. As probas de acceso ás prazas ofertadas a reespecialización, segundo o previsto no artigo anterior, realizaranse a través dunha convocatoria de carácter nacional que se aprobará por orde da persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, logo de informe do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde.

2. A selección dos aspirantes incluírá a realización dunha proba obxectiva de carácter eliminatorio, que versará sobre o tronco de que se trate, e a valoración dos méritos académicos e profesionais dos que superasen a dita proba, segundo prevexa a correspondente convocatoria.

Na puntuación final dos aspirantes, o peso específico dos méritos académicos e profesionais poderá establecerse entre o 50 % e o 60 % do total.

3. Non poderán participar nestas convocatorias de reespecialización os especialistas que se presentasen á proba selectiva da convocatoria anual na cal, de acordo co previsto no artigo 12.2, se fixou a oferta de prazas que se cubrirán polo procedemento regulado neste capítulo.

Ás prazas de reespecialización non poderán optar os aspirantes a que se refire o artigo 29.2.

Artigo 14. *Programa formativo e avaliación da competencia.*

1. Os que pretendan acceder ao título de especialista polo sistema de reespecialización realizarán exclusivamente o programa formativo para o período de formación específica da especialidade de que se trate en unidades docentes acreditadas para a correspondente especialidade.

O previsto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo de que o titor, co informe favorable da comisión de docencia, adecue a guía ou itinerario formativo tipo da especialidade, a través do plan individual de formación, ao currículo formativo e profesional do interesado. Isto non poderá implicar a redución do período formativo que, en todo caso, debe garantir a adquisición das competencias definidas no programa oficial da especialidade.

2. A proba de avaliación da competencia prevista no artigo 23 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, levaraa a cabo a través da avaliación final do período específico de especialidade o comité de avaliación que corresponda.

Artigo 15. *Réxime xurídico aplicable durante o período formativo de reespecialización.*

Os que opten á reespecialización polo procedemento regulado neste capítulo terán, sen prexuízo da reserva da súa praza de orixe nos termos previstos na normativa que, se for o caso, resulte de aplicación, a consideración de especialistas en formación en réxime de residencia, polo que lles será de aplicación o Real decreto 1146/2006, do 6 de outubro, polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde, así como as previsións contidas no Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro.

CAPÍTULO IV

Das áreas de capacitación específica

Sección 1.^a Características xerais das áreas de capacitación específica e estrutura de apoio

Artigo 16. *Concepto de área de capacitación específica.*

1. As áreas de capacitación específica abranguen o conxunto de coñecementos, habilidades e actitudes, engadidos en profundidade ou en extensión aos exixidos polo

programa oficial dunha ou varias especialidades en Ciencias da Saúde, sempre que ese conxunto de competencias sexa obxecto dun interese asistencial, científico, social e organizativo relevante.

2. A formación en áreas de capacitación específica desenvolverase nunha unidade docente acreditada, a través dun exercicio profesional programado, tutelado e avaliado.

Esta formación levarase a cabo polo sistema de residencia, con suxeición ao previsto no artigo 20 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, e ás súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 17. *Creación de áreas de capacitación específica.*

1. Para a creación dunha área de capacitación específica deberán concorrer os seguintes requisitos:

a) Que represente un incremento significativo das competencias profesionais exixidas polos programas oficiais das especialidades implicadas na súa creación.

b) Que exista un interese asistencial, científico, social e organizativo relevante sobre a área correspondente, que requira a dedicación dun número significativo de profesionais e que exixa un alto nivel de competencia vinculado á alta especialización da atención sanitaria.

c) Que as competencias dos especialistas con diploma de capacitación específica non poidan ser satisfeitas a través da formación doutras especialidades, doutros diplomas de capacitación específica ou de diplomas de acreditación e acreditación avanzada.

2. A solicitude de creación dunha área de capacitación específica poderá ser realizada polas consellerías de sanidade das comunidades autónomas, polo Instituto Nacional de Xestión Sanitaria ou ben por unha ou varias comisións nacionais de especialidade. A solicitude dirixirase á Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e acompañarase tanto dunha memoria xustificativa como da documentación e formularios que, para tales efectos, determine o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

A fin de valorar a idoneidade da creación dunha área de capacitación específica, o Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde emitirá un informe motivado sobre a solicitude que se cita no parágrafo anterior.

3. A creación, supresión ou cambio de denominación de áreas de capacitación específica, así como a determinación das especialidades en cuxo ámbito se constitúan, aprobaranse mediante real decreto, por proposta dos ministerios de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e de Educación, Cultura e Deporte, cos informes previos do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde, da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde e da organización ou organizacións colexiais que correspondan.

4. A través deste real decreto créanse as áreas de capacitación específica que se relacionan no anexo II.

Artigo 18. *Características xerais do diploma de área de capacitación específica.*

1. As características dos diplomas de área de capacitación específica, o sistema formativo para a súa obtención, a súa duración e a estrutura organizativa e de apoio á formación adecuaranse ao previsto nos artigos 24, 25 e 29 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, coas características específicas previstas neste real decreto.

2. O diploma de área de capacitación específica e a súa denominación serán de utilización exclusiva polos profesionais que o posúan, sen que a súa denominación poida inducir á confusión con outros títulos universitarios.

3. De acordo co establecido no parágrafo segundo do artigo 32.2, da Lei 44/2003, do 21 de novembro, inscribíranse no Rexistro Nacional de Especialistas con Diploma de Capacitación Específica todos os especialistas que o obteñan ou que vexan recoñecido, para os mesmos efectos profesionais, un título ou diploma obtido no estranxeiro.

4. Os que cursen o programa de formación nunha área de capacitación específica terán, sen prexuízo da reserva da súa praza de orixe e nos termos previstos na normativa que para o caso resulte de aplicación, a consideración de especialistas en formación en réxime de residencia e seralles de aplicación, coas adaptacións derivadas do previsto neste real decreto, o réxime xurídico contido no Real decreto 1146/2006, do 6 de outubro, e no Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro.

Artigo 19. *Natureza e funcións dos comités de área de capacitación específica.*

1. Cando se estableza unha área de capacitación específica constituirase, no prazo máximo de catro meses desde a súa creación, un comité de área como órgano asesor do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade que se integrará no Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde.

2. Os comités de área exercerán as seguintes funcións:

- a) Propor o programa formativo na área correspondente.
- b) Establecer os criterios de avaliación dos especialistas en formación nunha área de capacitación específica e deseñar a estrutura básica do libro do especialista en formación nunha área de capacitación específica.
- c) Propor medidas de mellora e incentivar o desenvolvemento da formación en áreas de capacitación específica.
- d) Realizar cantos informes lles sexan solicitados polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, así como colaborar cos titores e cos responsables das comunidades autónomas en materia de formación sanitaria especializada na organización de actividades docentes para a implantación e desenvolvemento harmonizado da formación en áreas de capacitación específica.
- e) Informar o Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde e as comisións nacionais das especialidades implicadas sobre a implantación, desenvolvemento e demais cuestións relacionadas coas áreas de capacitación específica.
- f) As demais funcións que se determinen nas disposicións que regulen o sistema de formación sanitaria especializada.

Artigo 20. *Composición e funcionamento dos comités de área de capacitación específica.*

1. Cada comité de área de capacitación específica estará composto por seis vogais propostos pola comisión ou comisións nacionais da especialidade ou especialidades implicadas de entre especialistas que estean en posesión do correspondente diploma de área de capacitación específica, teñan recoñecido prestixio e unha experiencia profesional na área de capacitación de que se trate de, polo menos, cinco anos nos oito anos anteriores á súa designación.

Destes seis vogais, dous serán membros de sociedades científicas de carácter estatal, legalmente constituídas, no ámbito da área de capacitación específica de que se trate. Como máximo tres dos vogais poderán ser membros das comisións nacionais nas cales se constituía a área.

2. Os vogais de comité de área de capacitación específica serán nomeados, de entre os propostos pola comisión ou comisións nacionais, pola persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, precedendo informe da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde.

O nomeamento destes vogais terá unha duración de catro anos e soamente poderán ser designados novamente para un período de igual duración.

A persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, mediante resolución motivada e oído o comité de área de capacitación de que se trate, poderá acordar a remoción de todos os vogais ou de parte deles por manifesto incumprimento das súas obrigacións ou das normas de funcionamento do comité.

3. Cada comité de área de capacitación específica elixirá de entre os seus membros o presidente e o vicepresidente.

4. Os comités de área de capacitación específica funcionarán en pleno ou en grupos de traballo. A persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade poderá acordar a incorporación a estes grupos de traballo, con voz e sen voto, de expertos na materia de que se trate.

O pleno dos comités de área de capacitación específica e os seus grupos de traballo levarán a cabo reunións presenciais e non presenciais a través de medios informáticos, audioconferencia ou outros medios de comunicación.

5. No non previsto por este real decreto, o funcionamento dos comités de área de capacitación específica adecuarase ao réxime establecido para os órganos colexiados na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 21. *Requisitos xerais para a obtención e acceso aos diplomas de área de capacitación específica.*

Para obter o diploma de área de capacitación específica será necesario cumprir os seguintes requisitos:

a) Encontrarse en posesión do título de especialista nalgunha das especialidades en Ciencias da Saúde en cuxo ámbito se constitúa a área de capacitación específica e acreditar un mínimo de dous anos de exercicio profesional efectivo na especialidade.

A duración dese período de exercicio profesional poderá modificarse con suxeición ao procedemento que se determina no artigo 25.3 da Lei 44/2003, do 21 de novembro.

b) Acceder á formación nas áreas de capacitación específica a través das convocatorias que se regulan no artigo 25.

c) Ter cumprido os obxectivos e adquirido as competencias previstas no programa formativo de área de capacitación específica, tendo sido avaliado positivamente nos termos previstos no artigo 26.

Sección 2.^a *Características da formación en áreas de capacitación específica, acceso e avaliación*

Artigo 22. *Programas de formación en áreas de capacitación específica.*

1. O programa formativo oficial de cada área de capacitación específica será proposto polo comité de área que corresponda e aprobado por orde da persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, precedendo informes do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde e da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde.

2. O programa establecerá os obxectivos formativos cualitativos e cuantitativos e as competencias que progresivamente debe alcanzar o aspirante ao diploma a través dun exercicio profesional especificamente orientado á correspondente área de capacitación específica.

Cando así o aconsellen as características propias da área de capacitación específica, poderán sinalarse distintos percorridos formativos en función da especialidade ou titulación de procedencia.

3. Os programas de formación das distintas áreas de capacitación específica serán periodicamente revisados e actualizados. Unha vez aprobados, publicaranse no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 23. *Acreditación de unidades docentes para a formación en áreas de capacitación específica.*

1. As unidades docentes para a formación en áreas de capacitación específica deberán cumprir os requisitos de acreditación de cada área aprobados por orde da persoa

titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, logo de informe da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde.

A acreditación das unidades docentes requirirá que a comisión de docencia a que se adscriban dispoña de unidades docentes acreditadas para a formación nalgunha das especialidades desde as cales se poida acceder á área de capacitación específica de que se trate.

2. As solicitudes de acreditación de unidades docentes deberán axustarse ao previsto no artigo 6 do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, e serán resoltas pola persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

A desacreditación, total ou parcial, de unidades docentes ou a adopción de medidas provisorias e cautelares, se se detectan deficiencias emendables, levarase a cabo mediante o procedemento seguido para outorgar a acreditación.

Calquera modificación da estrutura dunha unidade docente acreditada, troncal ou de especialidade requirirá unha nova resolución de acreditación da persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co previsto no artigo 26.3 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, e nos artigos 5 e 6 do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro.

3. No rexistro de centros acreditados para a formación de especialistas, ao cal se refire o artigo 32.3 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, inscribíranse as unidades docentes de áreas de capacitación específica acreditadas. Neste rexistro faranse constar os datos relativos á capacidade docente da unidade, expresada no número de residentes por ano, os dispositivos que a integran, a comisión de docencia a que se adscribe e o itinerario formativo tipo proposto pola correspondente comisión de docencia para a acreditación da unidade.

4. Excepcionalmente, as unidades docentes acreditadas para a formación en áreas de capacitación específica poderán incorporar dispositivos docentes situados noutros países da Unión Europea. Estes dispositivos deberán estar acreditados para a formación sanitaria especializada no país en que se sitúen, ter recoñecido prestixio e desenvolver actividades de especial interese científico vinculadas á formación na área de que se trate.

5. A Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade coordinará cos órganos competentes das distintas comunidades autónomas as auditorías, informes e propostas para avaliar o funcionamento e a calidade das unidades docentes acreditadas para a formación en áreas de capacitación específica.

Artigo 24. *Comisión de docencia e titores na formación en áreas de capacitación específica.*

1. As comunidades autónomas vincularán as unidades docentes acreditadas para a formación en áreas de capacitación específica á comisión de docencia a que estean adscritas as unidades docentes das especialidades en que se constituíu a correspondente área de capacitación.

As comisións de docencia exercerán, respecto á formación en áreas de capacitación específica, as funcións previstas no artigo 8 do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro.

Nestas comisións estarán representados os titores de área de capacitación específica e os seus especialistas en formación, nos termos que determine cada comunidade autónoma.

2. En cada unidade docente acreditada para a formación nunha área de capacitación específica existirá, polo menos, un titor responsable dos especialistas en formación na área. Este titor exercerá as súas funcións de acordo co previsto nos artigos 11, 12, 14 e 15 do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro.

Os titores do período de formación en áreas de capacitación específica, ademais de seren especialistas en servizo activo nalgunha das especialidades requiridas para o acceso á área de que se trate, estarán en posesión do diploma de área de capacitación que en cada caso corresponda.

Artigo 25. *Acceso á formación en área de capacitación específica.*

1. Os especialistas que acrediten o período de exercicio profesional a que se refire o artigo 21.a) poderán acceder á formación nunha área de capacitación específica solicitándoo nas convocatorias que periodicamente se aprobarán por orde da persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

A través desa orde de convocatoria, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado», regularanse as características do proceso selectivo, os requisitos dos aspirantes, o réxime de admisión á formación, a comisión de selección e as súas funcións, a adxudicación de prazas e os demais aspectos que se consideren necesarios para a resolución da convocatoria.

2. A oferta de prazas en formación, que en todo caso se referirá a prazas acreditadas e financiadas, será aprobada a través da orde de convocatoria pola persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, logo de informe do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde e atendendo ás propostas realizadas polas comunidades autónomas a través da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde.

Na oferta distinguirase entre as prazas financiadas polas entidades titulares das correspondentes unidades docentes e aquelas outras que serán financiadas por outras entidades.

Artigo 26. *Avaliación dos especialistas en formación en áreas de capacitación específica.*

A avaliación dos especialistas en formación en áreas de capacitación específica rexerase polo disposto no capítulo VI do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, coas seguintes peculiaridades:

a) Nas comisións de docencia a que se refire o artigo 24.1 deste real decreto constituirase un comité de avaliación por cada área de capacitación específica, cuxa función será a de levar a cabo as avaliacións anuais e final do período formativo da área.

b) Os comités de avaliación de área de capacitación específica estarán integrados, ao menos, polo xefe de estudos de formación especializada, que actuará como presidente, polo titor do especialista en formación da área de que se trate e por un profesional designado polo órgano competente en materia de formación sanitaria especializada da comunidade autónoma entre especialistas co correspondente diploma de área de capacitación específica.

CAPÍTULO V

Das probas anuais de acceso a prazas de formación sanitaria especializada

Artigo 27. *Convocatorias anuais.*

A persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, logo de informe do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, ditará as ordes anuais polas que se aprobarán as convocatorias de probas selectivas para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada, que incluírán a correspondente oferta anual destas prazas.

As convocatorias publicaranse no «Boletín Oficial del Estado», terán carácter nacional, organizarán os procesos selectivos e adecuaranse ás prescricións xerais aplicables ás probas de acceso á función pública do Estado coas particularidades derivadas do previsto neste capítulo.

As previsións deste capítulo enténdense sen prexuízo das convocatorias nacionais a que se refire o artigo 13 para a selección de aspirantes a prazas polo sistema de reespecialización regulado no capítulo III.

Artigo 28. *Oferta de prazas.*

1. A elaboración e aprobación da oferta de prazas levarase a cabo con suxeición ao disposto nos números 3, 5 e 6 do artigo 22 da Lei 44/2003, do 21 de novembro.

A Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, atendendo ás propostas formuladas polas comunidades autónomas, ás necesidades de especialistas do sistema sanitario e ás disponibilidades orzamentarias, fixará, logo dos informes do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde e do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a oferta de prazas acreditadas e dotadas economicamente que propón incluír en cada convocatoria.

A oferta de prazas, na cal se incorporarán, se for o caso, as medidas correctoras contidas nun informe motivado que se comunicará con carácter previo á Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, será aprobada con carácter definitivo pola persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a través da orde que aprobe a correspondente convocatoria anual de probas selectivas para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada.

2. Na orde ministerial pola que se aprobe cada convocatoria anual incluírase, en todo caso, un cadro resumo das prazas ofertadas. As prazas incluídas nese cadro constituirán o número máximo de prazas en formación que se adxudicarán na convocatoria de que se trate, distribuídas por especialidades, comunidades autónomas e por sectores segundo a súa titularidade pública ou privada.

No cadro resumo non se incluírán as prazas ofertadas a reespecialización polo sistema regulado no capítulo III.

Cando o número de prazas ofertadas no cadro resumo sexa inferior ao de prazas elixibles que figuren no catálogo que se cita no número 3, a convocatoria anual poderá prever que se amplíen as posibilidades de escolla dos aspirantes até completar o número total das prazas ofertadas, sen que por esta causa poida superarse o número máximo de prazas en adxudicación.

3. Coa finalidade de que os aspirantes poidan ter un coñecemento pormenorizado da oferta anual de prazas, en cada convocatoria publicarase o catálogo de prazas acreditadas e elixibles, con información sobre os centros e unidades docentes en que se achan.

No caso de especialidades troncais, a citada oferta especificará as prazas de tronco e aquelas en que poderá cursarse o período de formación específica de especialidade. O número total destas prazas non poderá ser inferior ao das prazas ofertadas do tronco de que se trate.

A información relativa aos dispositivos concretos que integran tanto as unidades docentes troncais como as de formación específica que se adscriben a elas estará accesible a través do rexistro de centros acreditados para a formación de especialistas.

4. No catálogo citado no número anterior identificaranse dous sectores; un, que incluírá as prazas en adxudicación en centros e unidades docentes de titularidade pública, e outro, que incluírá as prazas en adxudicación en centros e unidades docentes de titularidade privada. Nestes últimos distinguirase entre aqueles que exerzan o dereito de conformidade previa aos aspirantes e aqueles outros centros e unidades nos cales as prazas se adxudicarán polo mesmo procedemento que as do sector público.

Para que os centros privados poidan exercer o dereito de conformidade previa aos aspirantes que se formen neles, deberán ter sido autorizados para tal fin pola consellería de sanidade da comunidade autónoma en que se achen e levar a cabo un procedemento previo de selección deses aspirantes. Os que obteñan tal conformidade poderán ser adxudicatarios de praza en formación na convocatoria anual de que se trate, sempre que, ademais de acreditaren a conformidade, obteñan na proba selectiva un número de orde igual ou menor ao obtido polo último adxudicatario de praza do sector público na especialidade de que se trate.

Cando as prazas ofertadas correspondan a especialidades troncais, o dereito de conformidade previa só se poderá exercer na segunda das fases de adxudicación que se citan no artigo 35.3.

5. Na oferta anual de prazas en formación indicaranse as cotas ou número máximo de prazas que poderán adxudicarse aos aspirantes que participen pola quenda de persoas con discapacidade segundo o previsto no artigo 32, aos cidadáns extracomunitarios segundo o previsto no artigo 29.2 e, se for o caso, para a recirculación de aspirantes que xa posúan un título de especialista e queiran obter outro ou para a reespecialización regulada no capítulo III.

Artigo 29. *Nacionalidade dos aspirantes.*

1. Os requisitos de nacionalidade dos aspirantes e as condicións da súa estada para cursar o período de residencia adecuaranse ao previsto nas disposicións que regulan os dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, ás normas de dereito comunitario que resulten de aplicación e aos tratados e convenios internacionais subscritos por España.

2. Cando así se preveña na correspondente convocatoria, poderán concorrer tamén ás probas selectivas para médicos, farmacéuticos e enfermeiros os nacionais de países extracomunitarios non incluídos no número anterior, sempre que pertencen a países que teñan subscrito e en vigor un convenio de cooperación cultural con España, teñan o seu título de graduado/licenciado/diplomado homologado/recoñecido e obteñan unha puntuación que lles permita obter praza. O número máximo de prazas que poderá asignarse a este grupo de aspirantes non poderá ser superior ao 10 % do total de prazas ofertadas para médicos, ao 5 % para farmacéuticos e ao 2 % para enfermeiros, nos termos que estableza cada convocatoria.

3. A adxudicación dunha praza a cidadáns extracomunitarios non suporá, por si mesma, sen a concorrencia doutras circunstancias de índole excepcional, razón de interese público para os efectos previstos no artigo 127 do Real decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, após a súa reforma pola Lei orgánica 2/2009.

Artigo 30. *Titulación dos aspirantes.*

Os requisitos de titulación dos aspirantes adecuaranse ás exixencias derivadas da Lei 44/2003, do 21 de novembro, respecto ás profesións sanitarias tituladas e reguladas, así como ás modificacións legais que deriven da adaptación dos estudos universitarios ao Espazo Europeo de Educación Superior.

Artigo 31. *Coñecemento do idioma.*

Os aspirantes nacionais dun Estado cuxa lingua oficial non sexa o castelán só serán admitidos ás correspondentes probas se acreditan un coñecemento suficiente da lingua a través dun título oficial que acredite que o nivel adquirido é, como mínimo, o C1 ou C2, segundo a clasificación derivada do Marco común europeo de referencia para as linguas, nos termos que se establezan en cada convocatoria.

Artigo 32. *Persoas con discapacidade.*

1. As medidas de acción positiva previstas no artigo 22.3 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, aplicables nas convocatorias anuais de probas selectivas para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada, faranse efectivas nos termos previstos neste artigo.

2. Na oferta anual de prazas en formación sanitaria especializada que se probe de acordo co previsto no artigo 28 determinarase que ao menos o 7 % do total das prazas ofertadas poida ser cuberto por persoas con discapacidade. Tales prazas distribuiranse, en cada convocatoria, entre as distintas titulacións ou grupos destas que poden participar nas correspondentes probas selectivas.

3. Os aspirantes que fagan constar na súa solicitude que se acollen á quenda de persoas con discapacidade legal recoñecida non poderán cambiar de quenda, polo que se incluírán nas relacións provisorias e definitivas de admitidos, de resultados e de adxudicatarios de praza coa indicación da dita quenda.

Ás persoas con discapacidade que obteñan un título de especialista en Ciencias da Saúde polo sistema de residencia, téndose acollido á quenda de persoas con discapacidade, e que participen en probas selectivas posteriores para accederen a outro título de especialista polo citado sistema non lles será de aplicación a porcentaxe do 7 % das prazas ofertadas que se asignen a persoas con discapacidade nesas convocatorias.

4. Os exercicios que se vaian realizar, os criterios de cualificación, a puntuación necesaria para entendelos superados e a avaliación, se for o caso, dos méritos académicos e profesionais serán iguais para todos os aspirantes da mesma titulación, calquera que for a quenda, ordinaria ou para persoas con discapacidade, pola cal participen na correspondente proba selectiva.

O previsto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo das medidas necesarias para que, tanto nas probas de acceso como nos postos en que se formen as persoas con discapacidade adxudicatarias de prazas en formación, se leven a cabo as adaptacións, axustes razoables ou apoios complementarios e ampliacións de tempos que procedan, segundo as características e grao de discapacidade do interesado.

5. Iniciados os actos de adxudicación de prazas de cada convocatoria, as persoas con discapacidade comezarán a elección xunto cos demais aspirantes, de acordo coa orde decrecente da puntuación total individual obtida por cada aspirante na correspondente proba selectiva.

Non obstante, os actos de adxudicación suspenderanse para os aspirantes que participen pola quenda ordinaria cando aínda haxa persoas con discapacidade sen praza e reste por adxudicar un número destas que permita ofertar as que correspondan á quenda de persoas con discapacidade, en cada titulación ou grupo destas.

As prazas non adxudicadas despois das actuacións anteriores acumularanse á quenda ordinaria da mesma convocatoria e proseguiranse os actos de adxudicación de prazas unha vez concluídas as actuacións antes citadas, mediante un novo chamamento que se publicará na páxina web do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

6. A compatibilidade das condicións físicas, psíquicas e sensoriais do adxudicatario de praza pola quenda de persoas con discapacidade co desempeño das funcións correspondentes á praza en formación da especialidade pola que se optase acreditarase mediante a superación, no servizo de prevención de riscos laborais que en cada caso corresponda, do exame médico que con carácter xeral se regula no artigo 2.4 do Real decreto 1146/2006, do 6 de outubro.

7. Cando a incorporación das persoas con discapacidade á praza que lles foi adxudicada requira condicións específicas de accesibilidade ao centro ou de xornada, observarse o disposto na disposición adicional segunda do Real decreto 1146/2006, do 6 de outubro.

8. Os xefes de estudo das diferentes unidades docentes darán preferencia no proceso de asignación dos itinerarios formativos ás persoas con discapacidade que fosen adxudicatarias de praza pola dita quenda, sempre que a mencionada preferencia teña como finalidade facilitar que o itinerario e os períodos de rotación polos distintos dispositivos que integran a unidade docente se adecuen ás características propias de cada persoa con discapacidade.

9. O réxime xurídico aplicable ás persoas con discapacidade adxudicatarias de praza en formación será o mesmo que o das persoas que participen pola quenda ordinaria, coas particularidades previstas neste artigo.

Artigo 33. *Proba selectiva.*

1. A selección dos aspirantes incluírá, en todo caso, a realización dunha proba obxectiva diferente para cada titulación ou grupo destas. A proba avaliará coñecementos teóricos, prácticos e, se for o caso, habilidades clínicas e comunicativas.

O peso específico da proba obxectiva na puntuación final dos aspirantes non poderá ser inferior ao 90 %.

A proba obxectiva, que versará sobre os contidos das titulacións universitarias ou grupo destas, requiridas en cada suposto, consistirá na contestación dun cuestionario de preguntas que serán avaliadas nos termos que se prevexan na correspondente convocatoria.

2. Nos termos que se sinalen en cada convocatoria, requirirase unha puntuación mínima para superar a proba obxectiva ou ben contestar correctamente un número mínimo de preguntas que valoren aspectos nucleares das titulacións requiridas para participar nas probas.

A puntuación mínima exigible para superar a proba obxectiva obterase aplicando unha porcentaxe á media aritmética das dez máximas valoracións individuais obtidas na dita proba, nos termos que prevexa cada convocatoria.

3. Na proba selectiva poderán valorarse, se for o caso, os méritos académicos e profesionais dos aspirantes, segundo o baremo que se inclúa na correspondente convocatoria.

Nestes supostos, o peso específico dos méritos académicos e profesionais na puntuación final non poderá ser superior ao 10 %.

Artigo 34. *Comisións cualificadoras.*

1. En cada convocatoria anual nomearase unha comisión cualificadora para cada titulación ou grupo destas, integrada por sete membros.

O presidente de cada comisión será designado pola persoa titular da Secretaría Xeral de Sanidade e Consumo do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, o vicepresidente pola persoa titular da Dirección Xeral de Política Universitaria do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e o secretario pola persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Dous vogais serán designados pola persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, un deles de entre especialistas que presten servizos nun centro ou unidade docente acreditada para a formación de especialistas da titulación de que se trate, e o outro de entre residentes en formación da correspondente titulación.

Os outros dous vogais serán designados pola persoa titular da Dirección Xeral de Política Universitaria do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, un deles de entre os decanos dunha facultade universitaria vinculada á titulación de que se trate, e o outro de entre profesores universitarios relacionados coa formación sanitaria especializada.

2. As comisións cualificadoras, reunidas en sesión permanente no día en que se celebren as probas obxectivas, serán as encargadas de aprobar os cuestionarios propostos e invalidar as preguntas que consideren improcedentes. Posteriormente, resolverán as reclamacións que se produzan contra elas e aprobarán o modelo definitivo de respostas correctas. As citadas comisións cualificadoras poderán requirir o asesoramento de expertos ou persoas debidamente cualificadas.

3. Igualmente, corresponde ás comisións cualificadoras asesorar o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade naqueles supostos en que proceda a suspensión ou aprazamento do exercicio por causa xustificada, e propor, se for o caso, as medidas que consideren oportunas.

Artigo 35. *Adxudicación de prazas.*

1. A escolla de praza levarase a cabo nos actos de adxudicación por comparecencia do aspirante ou do seu representante legal con mandato acreditado.

O previsto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo de que progresivamente se xeneralice a escolla de praza de forma telemática, nos termos que se prevexan en cada convocatoria.

2. Con carácter xeral, a escolla de praza realizarase de acordo coa orde decrecente de puntuación obtida con que figure cada aspirante na relación definitiva de resultados da correspondente convocatoria.

3. Nas especialidades troncais a escolla realizarase a nivel estatal en dúas fases. Na primeira fase elixirase tronco e unidade docente do período troncal; a segunda fase levarase a cabo unha vez cursado o tronco e obtida unha avaliación positiva neste. Nesta segunda fase, para a escolla de unidade docente e especialidade, ofertaranse as prazas en formación das especialidades incluídas na convocatoria anual en que se elixiu tronco e unidade docente período troncal.

En ambas as fases, a escolla de praza realizarase de acordo coa orde decrecente de puntuación obtida na convocatoria anual de probas selectivas para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada en que se obtivese unha praza do correspondente tronco.

Os residentes que no momento da escolla da especialidade nesta segunda fase teñan en suspenso o seu contrato por algunha das causas previstas na lexislación aplicable ou fosen obxecto dunha avaliación negativa recuperable ou de prórroga no seu período formativo escollerán praza, mesmo que non fosen avaliados no período formativo troncal, ao mesmo tempo que os da súa promoción que tamén conclúsen o dito período e fosen avaliados positivamente.

As prazas afectadas polo previsto neste suposto consideraranse reservadas, coa condición de que o aspirante obteña unha avaliación positiva do período formativo troncal, e procederá a súa incorporación á praza asignada para cursar o período de formación específica, logo de comunicación á correspondente comisión de docencia.

A escolla de praza para aqueles aspirantes que, por imposibilidade xustificada e apreciada pola persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, non puideron escoller praza na segunda fase de adjudicación limitarase ás que quedaron vacantes unha vez que escolleron as persoas que se citan no parágrafo anterior.

A Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade comunicará as prazas obxecto de reserva á comunidade autónoma en que se ache a unidade docente en que se escolleu praza para cursar o período de formación específica.

O previsto neste número enténdese sen prexuízo das particularidades que na escolla de tronco e especialidade deriven do establecemento de cotas a que se refire o artigo 28.5 deste real decreto ou da modificación da duración do período formativo troncal, ao abeiro do previsto no artigo 19.2, parágrafo segundo, da Lei 44/2003, do 21 de novembro.

4. As prazas en formación de especialidades non troncais escolleranse nunha única fase antes de iniciar o período formativo.

5. Non poderán adjudicarse na mesma convocatoria as prazas que resulten vacantes con posterioridade aos actos de adjudicación nas especialidades non troncais e nas especialidades troncais, tanto en primeira como en segunda fase, por non seren escollidas polos aspirantes ou pola renuncia expresa ou tácita daqueles a quen se adjudicaron.

Así mesmo, non se permitirá a permuta de prazas entre aspirantes nin o traslado de centro nin unidade docente, salvo no suposto de desacreditación da unidade docente ou noutros supostos excepcionais previstos pola lexislación aplicable.

Artigo 36. *Toma de posesión.*

1. Os aspirantes aos cales se adjudique praza tomarán posesión desta, no centro ou unidade docente en que se encontre, no prazo que se sinala na correspondente convocatoria. Se non o fixeren así ou se renunciaren á praza, perderán os dereitos derivados da superación da correspondente proba selectiva.

2. Os adjudicatarios de praza iniciarán na unidade docente que corresponda o programa formativo oficial, para o cal se formalizará o oportuno contrato de traballo con suxeición ao previsto no Real decreto 1146/2006, do 6 de outubro.

A data de efectos do contrato de traballo dos residentes de primeiro ano será a do último día do prazo de toma de posesión a fin de que, unha vez finalizado o período formativo da especialidade de que se trate, tanto o certificado que expida o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para acreditar a conclusión da especialidade como o título de especialista teñan idéntica data para os residentes da mesma promoción, sen prexuízo dos casos en que houbese suspensión legal do contrato ou prórroga deste.

3. Sen prexuízo do previsto no artigo 32.8, durante o prazo de toma de posesión os xefes de estudo ofertarán aos adxudicatarios de praza os diferentes itinerarios formativos para a súa escolla por rigorosa orde, segundo a puntuación final obtida nas relacións definitivas de resultados da convocatoria correspondente.

Os adxudicatarios que resulten afectados polo réxime xeral de incompatibilidades previsto na lexislación vixente farán manifestación ao respecto no acto de toma de posesión e formularán ao mesmo tempo a opción que lles interese, sen que para estes efectos sexa posible o recoñecemento de reserva ou excedencia por incompatibilidade na praza en formación adxudicada.

4. Os adxudicatarios de praza seguirán os seus períodos formativos segundo o programa oficial da especialidade. Cando no curso do período de residencia se modifique o programa formativo observarase o que dispoña a orde ministerial pola que se aproba e se publica cada un deles.

Artigo 37. *Medidas correctoras para garantir a equidade.*

1. Os que obtivesen un título de especialista, calquera que for o procedemento polo que se obtivo, non poderán optar a unha praza da mesma especialidade.

2. Os que posúan un título de especialidade adscrita a un tronco terán recoñecido o período de formación troncal que en cada caso corresponda, polo que non poderán cursar ese período troncal cando accedan a unha praza en formación dunha especialidade do mesmo tronco.

3. Os adxudicatarios dunha praza en formación que non tomen posesión dela ou que abandonen a formación despois de seren adxudicatarios, en dúas convocatorias nun período de cinco anos desde a primeira adxudicación, só poderán participar nunha nova proba selectiva unha vez concluídos os procesos selectivos correspondentes ás dúas convocatorias anuais posteriores á última en que se lles adxudicou praza.

4. Nas convocatorias anuais de probas selectivas para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada poderá preverse a adopción doutras medidas que favorezan a incorporación á praza adxudicada e a conclusión do período formativo na especialidade que se estea cursando.

Para tal fin, nas citadas convocatorias poderá preverse a escolla previa de especialidade para os aspirantes que xa son especialistas, ou a renuncia previa para os que estean desempeñando praza en formación polo sistema de residencia e pretendan participar noutra convocatoria. A acreditación de encontrarse nalgún deses supostos levarase a cabo a través da solicitude de participación nas correspondentes probas selectivas.

Artigo 38. *Outros aspectos derivados das probas selectivas.*

1. O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade poderá requirir a colaboración de expertos para a redacción e validación das preguntas necesarias para a elaboración do cuestionario da proba obxectiva a que se refiren os artigos 13 e 33 e arbitrará as medidas necesarias para determinar a contía que se debe percibir por tales colaboracións e o concepto orzamentario a que se imputarán eses gastos, así como os derivados da xestión das probas selectivas.

2. As asistencias devindicadas polos membros das comisións cualificadoras, así como as do persoal designado polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para o desenvolvemento da proba obxectiva e a adxudicación de prazas, serán as

correspondentes á categoría primeira das previstas no artigo 30 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, co límite do número máximo autorizado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

CAPÍTULO VI

Da creación e modificación de títulos de especialista

Artigo 39. *Creación dun novo título de médico especialista en Psiquiatría do Neno e do Adolescente.*

1. Créase a especialidade de Psiquiatría do Neno e do Adolescente, incluíndoa na relación de especialidades polo sistema de residencia que figura no número 1 do anexo I do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro.

2. A especialidade médica de Psiquiatría do Neno e do Adolescente integrarase no tronco de Psiquiatría do anexo I deste real decreto.

3. A formación específica desta especialidade realizarase nas unidades docentes multiprofesionais de Saúde Mental, previstas na alínea a) do anexo II do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro.

Artigo 40. *Modificación do título de especialista de Farmacia Hospitalaria.*

1. Modifícase a especialidade de Farmacia Hospitalaria, que pasará a denominarse «Farmacia Hospitalaria e de Atención Primaria», á cal poderán acceder os graduados/licenciados en Farmacia, e inclúese no número 2 da relación de especialidades polo sistema de residencia que figura no anexo I do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro.

2. A Comisión Nacional da Especialidade de Farmacia Hospitalaria e de Atención Primaria contará cunha representación equilibrada dos distintos ámbitos integrados nesa especialidade.

Artigo 41. *Creación de novos títulos de especialidades pluridisciplinares.*

1. Créase a especialidade pluridisciplinar de Análises Clínicas e Bioquímica Clínica, procedente da fusión das especialidades de Análises Clínicas e de Bioquímica Clínica, e inclúese no número 5 da relación de especialidades polo sistema de residencia que figura no anexo I do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro. Á nova especialidade poderán acceder os graduados/licenciados en Medicina, en Farmacia ou no ámbito da bioloxía e da química.

Para determinar a composición da Comisión Nacional da Especialidade de Análises Clínicas e Bioquímica Clínica teranse en conta os distintos ámbitos e titulacións que poden acceder á nova especialidade.

2. Créase a especialidade pluridisciplinar de Xenética Clínica, que se inclúe no número 5 da relación de especialidades polo sistema de residencia que figura no anexo I do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro. A esta especialidade poderán acceder os graduados/licenciados en Medicina, en Farmacia ou no ámbito da bioloxía e da química.

Para determinar a composición da Comisión Nacional da Especialidade de Xenética Clínica teranse en conta os distintos ámbitos e titulacións que poden acceder á nova especialidade.

3. As especialidades pluridisciplinares de Análises Clínicas e Bioquímica Clínica e de Xenética Clínica integraranse no tronco de Laboratorio e Diagnóstico Clínico do anexo I deste real decreto.

Disposición adicional primeira. *Recoñecemento de períodos formativos.*

1. O recoñecemento do período troncal acreditarase mediante o correspondente título de especialista ou o certificado substitutorio deste.

Este recoñecemento, que permitirá acceder a un período de formación específica en especialidade distinta do mesmo tronco da especialidade que se posúa, poderá facerse efectivo a través das convocatorias anuais de probas selectivas que se aproben unha vez transcorridos, ao menos, dous anos desde a publicación da orde pola que se convoquen, por primeira vez, prazas polo sistema formativo troncal.

O previsto neste número enténdese sen prexuízo dos requisitos exixidos polo artigo 23 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, nos supostos de reespecialización regulados no capítulo III deste real decreto.

2. Sen prexuízo do recoñecemento de tronco previsto no número anterior, non procederá o recoñecemento doutros períodos formativos para obter un novo título de especialista.

3. O previsto no número 1 tamén será de aplicación aos profesionais que visen recoñecido ou homologado o seu título estranxeiro de especialista polo procedemento regulado no ordenamento xurídico español.

Disposición adicional segunda. *Seguimento do sistema formativo.*

O seguimento da adecuada aplicación das medidas incorporadas por este real decreto no sistema de formación sanitaria especializada levarase a cabo a través dos criterios de avaliación e control de calidade a que se refire o artigo 29 do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, a fin de que á vista dos seus resultados se adopten, se for o caso, as medidas normativas que se consideren necesarias para optimizar o dito sistema formativo.

Disposición adicional terceira. *Supostos especiais para o nomeamento de titores e de determinados membros do comité de avaliación respecto ás áreas de capacitación específica.*

Nas áreas de capacitación específica de nova creación, os requisitos exixidos nos artigos 24.2 e 26.b) para o nomeamento de titores e para o profesional designado pola comunidade autónoma nos comités de avaliación substituiranse por unha experiencia acreditada que se corresponda co ámbito profesional da área de capacitación específica de que se trate, nos termos que determine a orde da persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade mediante a cal se aproben os requisitos de acreditación de cada unha delas.

Disposición adicional cuarta. *Efectos da creación de novos títulos de especialista e diplomas de área de capacitación específica.*

1. A creación de novos títulos de especialista e de diplomas de área de capacitación específica enténdese sen prexuízo do carácter pluriprofesional de determinados servizos sanitarios e das competencias que corresponden ás comunidades autónomas respecto á organización dos servizos que están nos seus respectivos ámbitos de actuación.

2. Os que estean a prestar servizos en institucións sanitarias e centros do Sistema nacional de saúde e obteñan o título de especialista polo procedemento regulado no capítulo V ou polas vías transitorias de acceso a el reguladas por este real decreto non terán acceso automático á categoría e praza de especialista que se corresponda coa especialidade obtida, nin dereito á adquisición da condición de persoal fixo ou temporal en categorías xa existentes ou de nova creación no servizo de saúde de que se trate. En todo caso, o acceso deberase producir a través dos sistemas de selección e provisión de prazas establecidos na lexislación aplicable.

Disposición adicional quinta. *Comisión Delegada de Enfermaría do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde.*

1. A Comisión Delegada de Enfermaría do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde terá a seguinte composición:

- a) Os presidentes das comisións nacionais de especialidades de enfermaría.
- b) Dous vogais do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde designados polas comisións nacionais de especialidades de enfermaría e polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Diplomados en Enfermaría, de acordo co disposto no artigo 30.1.b) da Lei 44/2003, do 21 de novembro.
- c) Un representante de cada un dos ministerios de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e de Educación, Cultura e Deporte.
- d) Un representante das comunidades autónomas designado pola Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde.

2. A Comisión Delegada de Enfermaría do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde designará, de entre os seus membros, o seu presidente e o seu vicepresidente.

3. A Comisión Delegada de Enfermaría desenvolverá as funcións que o Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde lle encomende ou delegue.

Disposición adicional sexta. *Procedemento de acceso excepcional ao título de Enfermeiro Especialista.*

1. Polo procedemento de acceso excepcional regulado nesta disposición poderán acceder a un único título de enfermeiro ou de axudante técnico-sanitario, especialista das especialidades incluídas no segundo punto desta disposición adicional, os correspondentes titulados que acrediten o exercicio profesional e superen unha proba de avaliación da competencia, nos termos e polo procedemento previstos nos números seguintes.

2. As especialidades de Enfermaría a que se refire o número anterior son as seguintes:

- a) Enfermaría de Coidados Médico-Cirúrxicos.
- b) Enfermaría Familiar e Comunitaria.
- c) Enfermaría Pediátrica.

3. Os aspirantes deberán encontrarse nunha das seguintes situacións:

a) Ter exercido como enfermeiro as actividades propias da especialidade que se solicite durante un período mínimo de catro anos.

b) Ter exercido como enfermeiro as actividades propias da especialidade que se solicite durante un período mínimo de dous anos, sempre que, ademais, se acredite a adquisición dunha formación continuada acreditada segundo o previsto na Lei 44/2003, do 21 de novembro, de, ao menos, 40 créditos no campo da respectiva especialidade. Esta formación complementaria poderase realizar durante o prazo de presentación de solicitudes establecido no número 5.

Considerarase cumprido o período de formación complementaria cando o interesado acredite estar en posesión dun título de posgrao de carácter universitario que inclúa unha formación relacionada coa respectiva especialidade non inferior a 20 créditos ou 200 horas.

c) Ter exercido durante ao menos tres anos como profesor de escolas/facultades universitarias de Enfermaría e adscritas, en áreas de coñecemento relacionadas coa especialidade de que se trate, sempre que, ademais, se acredite, ao menos, un ano de actividade asistencial en actividades propias da especialidade solicitada.

4. Os requisitos establecidos no número 3 deberanse reunir con anterioridade á data de publicación no «Boletín Oficial del Estado» da convocatoria da proba anual de carácter estatal na cal, por primeira vez, se oferten prazas de formación na especialidade cuxo título se aspira a obter.

O establecido nos anteriores números 1 e 3 enténdese sen prexuízo de que a formación complementaria poida desenvolverse durante o prazo de presentación de solicitudes previsto no número 5.

5. O prazo de presentación de solicitudes finalizará, para cada especialidade, aos seis meses da publicación no «Boletín Oficial del Estado» da convocatoria da proba anual de carácter estatal na cal, por primeira vez, se oferten prazas de formación na especialidade correspondente.

Serán válidas as solicitudes presentadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, ao abeiro da disposición transitoria segunda.4 do Real decreto 450/2005, do 22 de abril.

As solicitudes dirixiranse á Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e presentaranse, sen prexuízo do establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, nos servizos centrais ou periféricos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A solicitude acompañarase da documentación que acredite que o interesado reúne os requisitos establecidos no número 3, especialmente os relativos ao título de diplomado en Enfermaría, graduado en Enfermaría ou de axudante técnico-sanitario, aos servizos prestados na correspondente especialidade, ás actividades docentes realizadas polo interesado e á formación complementaria, segundo corresponda.

A documentación indicada poderá presentarse en orixinais ou en copias compulsadas.

6. As solicitudes serán tramitadas pola Dirección Xeral de Política Universitaria do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co procedemento xeral establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, coas peculiaridades que se establecen nesta disposición adicional.

Unha comisión mixta, composta por funcionarios dos ministerios de Educación, Cultura e Deporte e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, analizará as solicitudes presentadas.

A comisión poderá solicitar informe, se o considera necesario, ás comisións nacionais das distintas especialidades, así como á Comisión de Formación Continuada das Profesións Sanitarias, no relativo á valoración das actividades de formación continuada non acreditada que realizasen os solicitantes.

Por proposta da comisión mixta, a Dirección Xeral de Política Universitaria ditará unha resolución que declare a admisión ou exclusión dos interesados da proba obxectiva a que se refire o número seguinte, que se notificará aos interesados no prazo máximo de seis meses desde que conclúa o prazo de presentación de solicitudes establecido no número 5.

7. A proba obxectiva axustarase ás bases comúns aprobadas mediante resolución do 17 de xullo de 2009, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se establecen as bases da convocatoria da proba obxectiva prevista na disposición transitoria segunda do Real decreto 450/2005, do 22 de abril, sobre especialidades de Enfermaría.

Na comisión avaliadora participarán, ao menos, dous membros da comisión nacional da especialidade afectada propostos pola propia comisión nacional.

A proba obxectiva dirixirase a avaliar a competencia dos aspirantes, coñecementos, habilidades e actitudes necesarios para o adecuado exercicio da especialidade de que se trate.

Disposición adicional sétima. *Especialidades en réxime de alumnado.*

1. A partir da convocatoria de probas selectivas de 2015 para o acceso en 2016 a prazas de formación sanitaria especializada non se ofertarán prazas en formación en réxime de alumnado das especialidades de Hidroloxía Médica, Medicina da Educación Física e o Deporte, Medicina Legal e Forense e Farmacia Industrial e Galénica.

O anteriormente exposto enténdese sen prexuízo dos dereitos profesionais e de calquera tipo inherentes a eses títulos de especialista, así como da súa futura obtención

polos que fosen adxudicatarios de praza en formación en convocatorias de probas selectivas anteriores á que se cita no parágrafo anterior.

2. Os adxudicatarios destas prazas deberán formalizar a correspondente matrícula nos prazos que para tal efecto se sinalen.

Durante a realización do programa formativo en réxime de alumnado, deberán superarse todas as materias que compoñen o programa oficial da correspondente especialidade e cumprir a totalidade das horas docentes teóricas e prácticas.

A avaliación desfavorable, a falta de presentación, se for o caso, aos exames e a falta de seguimento do total de horas nunha proporción superior ao dez por cento de cada materia darán lugar á cualificación de «non apto».

Cada especialista en formación en réxime de alumnado disporá dun número máximo de catro convocatorias por cada materia do programa.

Disposición adicional oitava. *Normas relativas á constitución dos primeiros comités de área de capacitación específica.*

A persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, oídas as comisións nacionais das especialidades implicadas, designará os integrantes dos primeiros comités de área de capacitación específica e outorgará o diploma de área que corresponda aos vogais que sexan designados para o primeiro mandato do correspondente comité. A designación recaerá en persoas de recoñecido prestixio e cunha experiencia profesional especificamente desenvolvida no ámbito da área de capacitación de que se trate de, ao menos, cinco anos nos sete anteriores á entrada en vigor deste real decreto.

Disposición adicional novena. *Normas relativas á constitución das primeiras comisións nacionais das especialidades de nova creación.*

1. A persoa titular da Dirección Xeral de Política Universitaria do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, logo de informe da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e oídas as sociedades científicas, as organizacións colexiais afectadas e a Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, concederá os novos títulos de especialista aos vogais das comisións nacionais das novas especialidades que se citan no artigo 28.1, alíneas a), b), c) e e), da Lei 44/2003, do 21 de novembro, que sexan designados para o primeiro mandato da comisión, sempre que as designacións, á vista dos currículos profesionais e formativos dos candidatos, recaian en profesionais de recoñecido prestixio e unha experiencia profesional especificamente desenvolvida no ámbito da especialidade de que se trate de, ao menos, cinco anos nos sete anteriores á entrada en vigor deste real decreto.

2. Os vogais representantes dos especialistas en formación aos cales se refire o artigo 28.1.d) da Lei 44/2003, do 21 de novembro, incorporaranse por primeira vez ás novas comisións nacionais das especialidades de Xenética Clínica e Psiquiatría do Neno e do Adolescente, unha vez que tomen posesión os aspirantes que obteñan praza desas especialidades na primeira convocatoria nacional de probas selectivas para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada.

3. Os vogais representantes dos especialistas en formación aos cales se refire o artigo 28.1.d) da Lei 44/2003, do 21 de novembro, designaranse, para formar parte das novas comisións nacionais das especialidades de Análises Clínicas e Bioquímica Clínica e Farmacia Hospitalaria e de Atención Primaria, entre os residentes das especialidades declaradas equivalentes ás antes citadas.

Disposición adicional décima. *Aplicación do presente real decreto á rede sanitaria militar do Ministerio de Defensa.*

1. No prazo dun ano contado desde a entrada en vigor deste real decreto, o Goberno procederá, mediante real decreto, a adaptar as peculiaridades propias da rede sanitaria

militar, así como as especificidades do corpo militar de Sanidade, ás previsións deste real decreto.

2. Os ministerios de Defensa e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, con suxeición aos criterios que acorde a Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, poderán subscribir, conxunta ou separadamente, convenios coas consellerías de sanidade das comunidades autónomas para potenciar a formación sanitaria especializada no ámbito da sanidade militar.

Disposición adicional décimo primeira. *Aplicación do presente real decreto ás cidades de Ceuta e Melilla.*

As referencias que neste real decreto se realizan ás comunidades autónomas entenderanse realizadas ao Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, no que respecta á formación de especialistas en Ciencias da Saúde nas cidades de Ceuta e Melilla.

Disposición adicional décimo segunda. *Réxime económico dos órganos colexiados creados por este real decreto.*

O custo de funcionamento dos órganos colexiados, dependentes ou adscritos ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, que se crean a través deste real decreto será atendido con cargo aos créditos existentes no citado departamento, sen que sexa necesario incrementar a súa dotación global.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio das especialidades troncais e das especialidades de Farmacia Hospitalaria, Análises Clínicas e Bioquímica Clínica.*

1. Aos que fosen adxudicatarios de praza en formación con anterioridade á primeira convocatoria anual en que se inclúan prazas de carácter troncal seralles de aplicación o procedemento formativo e os programas formativos oficiais anteriores á implantación do sistema formativo troncal.

2. Os programas formativos oficiais das especialidades de Farmacia Hospitalaria, Análises Clínicas e de Bioquímica Clínica permanecerán en vigor até que finalicen a residencia os que fosen adxudicatarios de prazas en formación das ditas especialidades con anterioridade ás convocatorias en que se inclúan, por primeira vez, prazas das novas especialidades de Farmacia Hospitalaria e de Atención Primaria e de Análises Clínicas e Bioquímica Clínica.

Disposición transitoria segunda. *Prazo para solicitar a expedición do título de Enfermeiro Especialista que substitúe o das especialidades de Enfermaría suprimidas.*

O prazo para solicitar do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a expedición de novos títulos de especialista, en substitución dos correspondentes ás especialidades suprimidas segundo o previsto na disposición adicional segunda do Real decreto 450/2005, do 22 de abril, finalizará ao ano da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria terceira. *Vía transitoria de acceso aos diplomas da área de capacitación específica.*

1. Os especialistas en Ciencias da Saúde que na data de creación dunha área de capacitación específica posúan un título de especialista que lles permita acceder a ela poderán, de forma única e excepcional, solicitar a obtención do correspondente diploma polo procedemento previsto nesta disposición sempre que acrediten unha experiencia profesional vinculada ao ámbito da área de capacitación específica de que se trate de, ao menos, catro anos anteriores á publicación no «Boletín Oficial del Estado» da primeira convocatoria ordinaria de carácter estatal en que se oferten prazas de formación para a respectiva área de capacitación.

2. Tamén poderán acceder a un diploma da área de capacitación específica polo procedemento regulado nesta disposición os especialistas cun título de especialidade diferente aos exixidos para cada área na norma que acorde a súa creación, sempre que o correspondente comité de área considere que o interesado acreditou unha experiencia profesional vinculada ao ámbito da área de capacitación específica de que se trate nos termos previstos no número anterior.

Nestes supostos, no correspondente diploma farase constar expresamente o título de especialista que posúe o interesado e a súa concesión ao abeiro do previsto neste número.

3. Mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado», aprobaranse as bases comúns destes procedementos con suxeición ao previsto nos números seguintes.

4. As solicitudes, dirixidas á Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, poderán presentarse durante os tres meses seguintes á publicación no «Boletín Oficial del Estado» da primeira convocatoria ordinaria de carácter estatal en que se oferten prazas de formación para a respectiva área de capacitación, no formulario oficial que se estableza para o efecto e que deberá presentarse acompañado do currículo profesional, formativo e docente do interesado.

5. O correspondente comité de área de capacitación específica examinará as solicitudes e emitirá un informe sobre a adecuación entre a actividade asistencial, docente e investigadora desenvolvida polo aspirante e a súa equivalencia coas competencias derivadas do previsto no programa formativo oficial da área de que se trate.

6. Cando o informe sexa favorable, o aspirante será admitido á realización, en convocatoria única, dunha proba teórico-práctica que versará sobre o programa formativo oficial da área de que se trate. A avaliación positiva nesta proba permitirá a concesión do correspondente diploma.

A organización, contido, formato e cualificación da mencionada proba teórico-práctica será determinada pola persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa colaboración do comité de área de capacitación específica de que se trate. Os mencionados aspectos incluíranse nas bases comúns a que se refire o anterior número 3.

7. Cando o comité de área de capacitación específica considere que non existe unha adecuación suficiente entre a actividade asistencial, docente e investigadora do profesional e o programa formativo oficial da área de que se trate, emitirá informe desfavorable e motivado de non admisión á proba teórico-práctica. Este informe trasladarase á Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para efectos de que se dite a procedente resolución.

8. Polo procedemento excepcional regulado nesta disposición transitoria só se poderá conceder un diploma de área de capacitación específica.

Disposición transitoria cuarta. Suposto excepcional de acceso á área de capacitación específica en urxencias e emerxencias.

De maneira excepcional, os licenciados en Medicina e Cirurxía con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1995 que sexan titulares da certificación prevista no artigo 3 do Real decreto 853/1993, do 4 de xuño, sobre exercicio das funcións de médico de medicina xeral no Sistema Nacional de Saúde poderán acceder á área de capacitación específica en urxencias e emerxencias polo procedemento regulado na disposición transitoria terceira deste real decreto.

Disposición transitoria quinta. Vía transitoria de acceso aos novos títulos de especialista en Ciencias da Saúde.

1. Os titulados universitarios que se citan no número 2 poderán, de forma única e excepcional, solicitar a obtención dos títulos de especialista de nova creación polo

procedemento previsto nesta disposición, sempre que acrediten unha experiencia profesional vinculada ao ámbito da especialidade de que se trate non inferior á duración do seu programa formativo oficial e que esta se adquirise antes da publicación no «Boletín Oficial del Estado» da primeira convocatoria ordinaria de carácter estatal en que se oferten prazas de formación da especialidade a cuxo título se aspira.

Para os efectos previstos nesta disposición, non se computarán como experiencia vinculada á nova especialidade de Farmacia Hospitalaria e de Atención Primaria as actividades profesionais dos farmacéuticos nas oficinas de farmacia.

2. Os titulados universitarios que poden acceder aos novos títulos de especialista por esta vía transitoria son os seguintes:

- a) Os graduados/licenciados en Medicina ou Medicina e Cirurxía, ás novas especialidades de Xenética Clínica e de Psiquiatría do Neno e do Adolescente.
- b) Os graduados/licenciados en Farmacia ou no ámbito da bioloxía e da química, á nova especialidade de Xenética Clínica.
- c) Os graduados/licenciados en Farmacia, á especialidade de Farmacia Hospitalaria e de Atención Primaria, calquera que for o nivel de atención en que se adquirise a experiencia profesional exixida.

O previsto nesta disposición transitoria non será de aplicación aos especialistas en Análises Clínicas, en Bioquímica Clínica ou en Farmacia Hospitalaria que teñen acceso directo aos novos títulos de especialista en Análises Clínicas e Bioquímica Clínica e Farmacia Hospitalaria e de Atención Primaria, ao teren sido declarados equivalentes nos termos previstos na disposición adicional oitava do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro.

3. Mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado», aprobaranse as bases comúns destes procedementos de acceso aos novos títulos de especialista en Ciencias da Saúde, con suxeición ao previsto nos números seguintes.

4. As solicitudes, dirixidas á Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, poderán presentarse durante os tres meses seguintes á publicación no «Boletín Oficial del Estado» da primeira convocatoria ordinaria de carácter estatal en que se oferten prazas de formación da respectiva especialidade, no formulario oficial que se estableza para o efecto e que deberá presentarse acompañado do currículum profesional, formativo e docente do interesado.

5. A correspondente comisión nacional de especialidade examinará as solicitudes e emitirá un informe sobre a adecuación entre a actividade asistencial, docente e investigadora desenvolvida polo aspirante e a súa equivalencia coas competencias derivadas do previsto no programa formativo oficial da especialidade de que se trate.

6. Cando o informe sexa favorable, o aspirante será admitido á realización, en convocatoria única, dunha proba teórico-práctica que versará sobre o programa formativo oficial da especialidade de que se trate. A avaliación positiva nesta proba permitirá a concesión do correspondente título de especialista.

A organización, contido, formato e cualificación da mencionada proba teórico-práctica será determinada pola persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa colaboración da comisión nacional da especialidade de que se trate. Os mencionados aspectos incluíranse nas bases comúns a que se refire o anterior número 3.

7. Cando a comisión nacional da especialidade considere que non existe unha adecuación suficiente entre a actividade asistencial, docente e investigadora do profesional e o programa formativo oficial da especialidade de que se trate, emitirá informe desfavorable e motivado de non admisión á proba teórico-práctica. Este informe trasladarase á Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para efectos de que se dite a procedente resolución.

8. Polo procedemento excepcional regulado nesta disposición transitoria só se poderá conceder un título de especialista.

Disposición transitoria sexta. *Recoñecemento de períodos formativos ao abeiro da Orde ministerial do 18 de xuño de 1993 sobre recoñecemento de períodos formativos previos dos médicos e farmacéuticos residentes en formación.*

A Orde ministerial do 18 de xuño de 1993 sobre recoñecemento de períodos formativos previos dos médicos e farmacéuticos residentes en formación, seguirá en vigor para os residentes que se formen en prazas adxudicadas en convocatorias de probas selectivas para o acceso a prazas en formación sanitaria especializada anteriores á primeira en que se oferten por primeira vez prazas polo sistema formativo troncal.

Aos residentes que inicien os seus períodos formativos a partir da primeira convocatoria en que se oferten prazas polo sistema formativo troncal seralles de aplicación o previsto na disposición adicional primeira deste real decreto.

Disposición transitoria sétima. *Períodos de exercicio profesional en prácticas realizados ao abeiro do Real decreto 459/2010, do 16 de abril, polo que se regulan as condicións para o recoñecemento de efectos profesionais a títulos estranxeiros de especialista en Ciencias da Saúde, obtidos en Estados non membros da Unión Europea.*

Os períodos de exercicio profesional en prácticas aos cales se refire o artigo 10.5 do Real decreto 459/2010, do 16 de abril, que se tiveren iniciado con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto manterán o seu réxime xurídico até que conclúan.

Disposición transitoria oitava. *Avaliación dos períodos de residencia xa iniciados no momento da entrada en vigor deste real decreto.*

A avaliación dos residentes que tiveren iniciado a súa formación con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto rexeráse, até a súa conclusión, polo sistema aplicable no momento do seu inicio.

Disposición transitoria novena. *Normativa aplicable á convocatoria de probas selectivas de 2014 para o acceso no ano 2015 a prazas de formación sanitaria especializada.*

A convocatoria de probas selectivas de 2014 para o acceso no ano 2015 a prazas de formación sanitaria especializada regularáse, desde a data en que se inicie a súa tramitación até que conclúa o prazo fixado para a toma de posesión dos adxudicatarios de praza, pola normativa vixente anterior a este real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e, en concreto:

- a) O Real decreto 450/2005, do 22 de abril, sobre especialidades de enfermaría.
- b) Do Real decreto 1146/2006, do 6 de outubro, derrógase o número 3 da disposición adicional quinta.
- c) Do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, derróganse o artigo 26.2, o número 2 da disposición transitoria primeira e a disposición transitoria quinta.
- d) O Real decreto 578/2013, do 26 de xullo, polo que se establecen medidas de acción positiva aplicables ás persoas con discapacidade que participen nas convocatorias anuais de probas selectivas para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada, en desenvolvemento do artigo 22.3 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.
- e) A Orde do 27 de xuño de 1989 pola que se establecen as normas reguladoras das probas selectivas para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada.

f) A Orde do 18 de xuño de 1993 sobre recoñecemento de períodos formativos previos dos médicos e farmacéuticos residentes en formación, sen prexuízo do previsto na disposición transitoria sexta deste real decreto.

g) A Orde do 22 de xuño de 1995 pola que se regulan as comisións de docencia e os sistemas de avaliación de médicos e farmacéuticos especialistas.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e se clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada.*

O Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e se clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 2, que queda redactado da seguinte maneira:

«Son especialidades en Ciencias da Saúde polo sistema de residencia as que figuran relacionadas no anexo I, clasificadas, segundo a titulación requirida para acceder a elas, en especialidades médicas, farmacéuticas, de psicoloxía, de enfermaría e pluridisciplinares.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 7, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Nas especialidades pluridisciplinares que se citan no número 5 do anexo I existirá unha unidade docente por cada especialidade, na cal se formarán todos os titulados que poden acceder a prazas en formación da especialidade de que se trate.»

Tres. Modifícase o artigo 31, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Excepcionalmente, a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, por petición fundada do interesado e logo de informe da correspondente comunidade autónoma, poderá autorizar, por unha soa vez, o cambio da especialidade que se estea cursando a outra de carácter troncal ou non troncal no mesmo centro ou noutro da mesma comunidade autónoma, sempre que exista praza vacante acreditada na especialidade que se solicita; que a petición se realice durante o primeiro ano de formación e que o solicitante obtivese na convocatoria anual de probas selectivas para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada en que participase un número de orde que lle permitise acceder, nesa convocatoria, á praza de tronco ou especialidade non troncal á cal pretende cambiar.

2. Entre as especialidades troncais, os cambios de especialidade entenderanse referidos a cambio de tronco.

No período de formación específica non poderá solicitarse cambio de especialidade, salvo no caso dos que accedesen á praza en formación pola quenda de persoas con discapacidade, que tamén poderán solicitalo no primeiro ano do dito período.

3. Os adxudicatarios de praza en formación que non superasen o exame médico previsto no artigo 2.4 do Real decreto 1146/2006, do 6 de outubro, poderán solicitar cambio de especialidade, con suxeición ao previsto neste artigo, e mesmo que non se teña iniciado o período de residencia, no prazo de quince días desde a data en que se notificou ao interesado o resultado dese exame.

4. O cambio de tronco ou de especialidade requirirá os informes das comisións de docencia do centro ou unidade docente onde o solicitante se estea a

formar e do centro ou unidade de destino, así como das comisións nacionais e, se for o caso, das comisións delegadas de tronco implicadas.

No informe da comisión de docencia de orixe faranse constar as actividades levadas a cabo polo residente no centro ou unidade docente, segundo o previsto no correspondente programa formativo.

5. Corresponde á comisión nacional da especialidade e, se for o caso, á comisión delegada de tronco á cal se solicitou o cambio determinar, ao mesmo tempo que se emite o informe que se cita no número anterior, o ano de formación e os termos en que se debe producir a incorporación do residente a partir do momento en que se autorice o cambio de tronco ou de especialidade solicitado.

6. Os cambios de especialidade e tronco inscribíranse no Rexistro Nacional de Especialistas en Formación.»

Catro. A rúbrica da disposición adicional oitava queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional oitava. *Equivalencias entre títulos españois de especialista.*»

Cinco. Engádense tres novas alíneas á táboa de equivalencias que figura no número 1 da disposición adicional oitava, que quedan redactadas da seguinte maneira:

«z) Farmacia Hospitalaria ao actual de Farmacia Hospitalaria e de Atención Primaria.

aa) Análises Clínicas ao actual de Análises Clínicas e Bioquímica Clínica.

bb) Bioquímica Clínica ao actual de Análises Clínicas e Bioquímica Clínica.»

Seis. Modifícase o anexo I relativo á relación de especialidades en Ciencias da Saúde polo sistema de residencia, que queda redactado da seguinte maneira:

«ANEXO I

Relación de especialidades en Ciencias da Saúde polo sistema de residencia

1. Especialidades médicas para cuxo acceso se exige estar en posesión dun título universitario oficial que habilite para o exercicio en España da profesión de médico:

- Alergoloxía.
- Anatomía Patolóxica.
- Anestesioloxía e Reanimación.
- Anxioloxía e Cirurxía Vasculaxión.
- Aparello Dixestivo.
- Cardioloxía.
- Cirurxía Cardiovascular.
- Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo.
- Cirurxía Oral e Maxilofacial.
- Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía.
- Cirurxía Pediátrica.
- Cirurxía Plástica, Estética e Reparadora.
- Cirurxía Torácica.
- Dermatoloxía Médico-Cirúrxica e Venereoloxía.
- Endocrinoloxía e Nutrición.
- Farmacoloxía Clínica.
- Xeriatria.
- Hematoloxía e Hemoterapia.
- Medicina do Traballo.
- Medicina Familiar e Comunitaria.

- Medicina Física e Rehabilitación.
- Medicina Intensiva.
- Medicina Interna.
- Medicina Nuclear.
- Medicina Preventiva e Saúde Pública.
- Nefroloxía.
- Pneumoloxía.
- Neurocirurxía.
- Neurofisioloxía Clínica.
- Neuroloxía.
- Obstetricia e Xinecoloxía.
- Oftalmoloxía.
- Oncoloxía Médica.
- Oncoloxía Radioterápica.
- Otorrinolaringoloxía.
- Pediatría e as súas Áreas Específicas.
- Psiquiatría.
- Psiquiatría do Neno e do Adolescente.
- Radiodiagnóstico.
- Reumatoloxía.
- Uroloxía.

2. Especializacións farmacéuticas para cuxo acceso se exige estar en posesión dun título universitario oficial que habilite para o exercicio en España da profesión de farmacéutico:

- Farmacia Hospitalaria e de Atención Primaria.

3. Especialidades de Psicoloxía para cuxo acceso se exige estar en posesión do título universitario oficial de graduado/licenciado no ámbito da psicoloxía:

- Psicoloxía Clínica.

4. Especialidades de Enfermaría para cuxo acceso se exige estar en posesión dun título universitario oficial que habilite para o exercicio en España da profesión de enfermeira:

- Enfermaría de Coidados Médico-Cirúrxicos.
- Enfermaría de Saúde Mental.
- Enfermaría do Traballo.
- Enfermaría Familiar e Comunitaria.
- Enfermaría Xeriátrica.
- Enfermaría Obstétrico-Xinecolóxica (Matrona).
- Enfermaría Pediátrica.

5. Especialidades pluridisciplinares para cuxo acceso se exige estar en posesión dos títulos que a seguir se especifican:

- Análises Clínicas e Bioquímica Clínica: graduado/licenciado en Medicina, en Farmacia ou no ámbito da bioloxía e da química.
- Xenética Clínica: graduado/licenciado en Medicina, en Farmacia ou no ámbito da bioloxía e da química.
- Inmunoloxía: graduado/licenciado en Medicina, en Farmacia ou no ámbito da bioloxía e da química.
- Microbioloxía e Parasitoloxía: graduado/licenciado en Medicina en Farmacia ou no ámbito da bioloxía e da química.
- Radiofarmacia: graduado/licenciado en Farmacia ou no ámbito da bioloxía e da química.

- Radiofísica Hospitalaria: graduado/licenciado no ámbito da física ou outras disciplinas científicas e tecnolóxicas.»

Sete. Modifícase a alínea a) do anexo II, relativa ás unidades docentes de carácter multiprofesional, que queda redactada da seguinte maneira:

«a) Unidades docentes de Saúde Mental nas cales se formarán médicos especialistas en Psiquiatría, médicos especialistas en Psiquiatría do Neno e do Adolescente, psicólogos especialistas en Psicología Clínica e enfermeiros especialistas en Enfermaría de Saúde Mental.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1146/2006, do 6 de outubro, polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde.*

O Real decreto 1146/2006, do 6 de outubro, polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde, queda modificado como segue:

Un. O número 4 do artigo 2 quedará redactado da seguinte maneira:

«4. Todos os adxudicatarios de praza polo sistema de residencia someteranse no prazo máximo de tres meses desde a data en que se tomou posesión da praza a un exame médico para comprobar que non padecen enfermidade nin están afectados por limitación física, psíquica ou sensorial que sexa incompatible coas actividades profesionais que o correspondente programa formativo oficial exixa ao residente. Se non superaren este exame, que se levará a cabo no servizo de prevención de riscos laborais que en cada caso corresponda, segundo a localización da unidade docente en que obtiveron praza, a adxudicación e, se for o caso, o contrato que se tiver suscrito entenderanse sen efecto.

Cando o adxudicatario de praza o sexa pola quenda de persoas con discapacidade, o servizo de prevención de riscos laborais poderá solicitar, con carácter previo á conclusión do exame médico, informe dos órganos competentes en materia de valoración da discapacidade que en cada caso corresponda.

Cando o exame médico sexa negativo, este deberá estar motivado e especificar os obxectivos e competencias profesionais que, segundo o correspondente programa formativo oficial, non pode adquirir o adxudicatario de praza por causas imputables ás súas limitacións físicas, psíquicas ou funcionais. As resolucións relativas aos recoñecementos médicos negativos serán impugnables nos termos que se prevexan na orde ministerial pola que se aprobe a convocatoria anual de probas selectivas para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada na cal o interesado fose adxudicatario de praza.»

Dous. Engádese ao artigo 3.1 un segundo parágrafo nos seguintes termos:

«O previsto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo de que a duración e avaliación a partir do segundo ano de formación troncal e, se é o caso, do primeiro de formación específica se adecuen ás previsións que regulen a duración do tronco e os períodos formativos de recuperación.»

Tres. Engádese ao artigo 4.1 unha nova alínea p) nos seguintes termos:

«p) Até tres días hábiles de permiso retribuído, naqueles supostos en que os residentes de especialidades troncais deban cursar o período de formación específica, nunha unidade docente situada en localidade distinta a aquela en que se cursou o período formativo troncal.»

Catro. Engádesse un novo parágrafo ao número 1 b) do artigo 7 nos seguintes termos:

«Nos supostos de persoal en formación en áreas de capacitación específica e nos de reespecialización polo procedemento regulado no artigo 23 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, as porcentaxes do complemento de grao de formación deberán fixarse, no ámbito negociador que en cada caso corresponda, tendo en conta o título de especialista e a experiencia profesional requirida para acceder a unha área de capacitación específica ou para obter un novo título de especialista.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 459/2010, do 16 de abril, polo que se regulan as condicións para o recoñecemento de efectos profesionais a títulos estranxeiros de especialista en Ciencias da Saúde, obtidos en Estados non membros da Unión Europea.*

O Real decreto 459/2010, do 16 de abril, polo que se regulan as condicións para o recoñecemento de efectos profesionais a títulos estranxeiros de especialista en Ciencias da Saúde, obtidos en Estados non membros da Unión Europea, queda modificado como segue:

Un. A alínea a) do artigo 2 queda redactada da seguinte maneira:

«a) O recoñecemento daqueles títulos estranxeiros de especialista que xa fosen recoñecidos ou homologados a un título español de especialista.»

Dous. O número 4 do artigo 5 queda redactado da seguinte maneira:

«4. O comité de avaliación reunirse logo de convocatoria do seu presidente, ao menos cunha periodicidade trimestral.»

Tres. O número 5 do artigo 10 queda redactado da seguinte maneira:

«5. Durante este período o interesado terá a consideración de persoal en formación do centro sanitario en que se realice o dito período, que non terá carácter retribuído nin implicará vinculación laboral entre o interesado e a entidade titular do mencionado centro.»

Catro. O número 1 do artigo 12 queda redactado da seguinte maneira:

«1. As probas teórico-prácticas serán convocadas respecto a unha ou varias especialidades en Ciencias da Saúde, logo de informe do comité de avaliación, pola Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, cando existan, ao menos, cinco aspirantes por especialidade. Naquelas especialidades cuxo volume de solicitudes de recoñecemento non faga posible alcanzar ese número no prazo dun ano desde a última convocatoria, o número de solicitudes poderá ser inferior a cinco.»

Cinco. O parágrafo terceiro do número 2 do artigo 13 queda redactado da seguinte maneira:

«No suposto excepcional de que as actuacións que se citan no parágrafo anterior deriven na necesidade de que o interesado deba realizar, con carácter previo ao informe proposta de verificación final, algún tipo de actividade complementaria, esta non poderá ser superior a un mes e será avaliada polo supervisor.»

Sexto. O parágrafo actual da disposición adicional primeira pasa a ser o seu número 1 e incorpórase a ela un novo número 2, nos seguintes termos:

«2. Non poderán ser obxecto de recoñecemento polo procedemento previsto neste real decreto os títulos estranxeiros de especialista para cuxa obtención se tivesen en conta períodos formativos cursados noutro país no cal os ditos períodos formativos non son válidos para a obtención do título de especialista.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para regular as condicións de obtención, expedición e homologación de títulos profesionais, excepto o disposto na disposición derradeira segunda, que se dita ao abeiro do previsto no artigo 149.1.7.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva na lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

Disposición derradeira quinta. *Desenvolvemento normativo.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira sexta. *Calendario respecto ás previsións contidas no capítulo II deste real decreto.*

1. No prazo de dous anos desde a constitución das comisións delegadas de tronco aprobaranse e publicaranse no «Boletín Oficial del Estado» os programas formativos oficiais das especialidades adscritas ao sistema formativo troncal en que se determinarán as competencias que adquirirán os residentes no período troncal e no específico, así como os criterios de avaliación dos especialistas en formación e os requisitos de acreditación das unidades docentes de tronco e de especialidade.

2. Unha vez aprobados os citados requisitos de acreditación, as comunidades autónomas procederán, no prazo de doce meses, á adaptación das súas actuais estruturas docentes ás estruturas de carácter troncal, con previsión, así mesmo, das unidades docentes de formación especializada nas cales se cursarán os períodos de formación específica das especialidades integradas en cada tronco.

Para tal fin, poderá constituírse no seo da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde un grupo de traballo en que se acorden criterios para a implantación harmónica da estrutura docente das especialidades troncais nas distintas comunidades autónomas.

3. O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, despois de acreditar as unidades docentes que posibiliten a formación especializada troncal, determinará, logo de informe da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, a convocatoria anual en que se incluírán prazas de formación sanitaria especializada de carácter troncal.

Disposición derradeira sétima. *Calendario respecto ás previsións contidas no capítulo IV deste real decreto.*

1. No prazo de quince meses desde a constitución do correspondente comité de área de capacitación específica aprobarase o programa formativo oficial e os requisitos de acreditación aplicables ás unidades docentes da área de capacitación específica de que se trate.

2. No prazo de doce meses desde a aprobación dos requisitos de acreditación, a persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade aprobará a orde a que se refire o artigo 25 deste real decreto.

Disposición derradeira oitava. *Calendario respecto ás previsións contidas no capítulo VI deste real decreto.*

1. No prazo de catro meses desde a entrada en vigor deste real decreto constituiranse as comisións nacionais das especialidades de Psiquiatría do Neno e do Adolescente; de Farmacia Hospitalaria e de Atención Primaria; de Análises Clínicas e Bioquímica Clínica e de Xenética Clínica.

Unha vez constituídas as ditas comisións nacionais, suprimíranse as de Farmacia Hospitalaria, Bioquímica Clínica e Análises Clínicas.

2. No prazo de doce meses desde a constitución da Comisión Nacional da especialidade de Farmacia Hospitalaria e de Atención Primaria aprobarase o novo programa formativo oficial, os criterios de avaliación dos especialistas en formación e os requisitos de acreditación aplicables ás súas unidades docentes.

Sen prexuízo da acreditación de novas unidades docentes, procederáse á reacreditación das unidades docentes previamente acreditadas, no prazo máximo dun ano, con suxeición ao procedemento que se estableza por resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Disposición derradeira novena. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de xullo de 2014.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO I

I. Relación de especialidades médicas e pluridisciplinares incluídas no anexo I do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, que se adscriben ao sistema formativo troncal clasificadas por troncos

1. Tronco número 1: Tronco Médico (TCM)

Duración: axustarase ao previsto no artigo 19.2 da Lei 44/2003, do 21 de novembro.
Especialidades que o integran:

- Alergoloxía.
- Anestesioloxía e Reanimación.
- Aparello Dixestivo.
- Cardioloxía.
- Endocrinoloxía e Nutrición.
- Farmacoloxía Clínica.
- Xeriatría.
- Hematoloxía e Hemoterapia.
- Medicina do Traballo.
- Medicina Familiar e Comunitaria.
- Medicina Física e Rehabilitación.
- Medicina Intensiva.
- Medicina Interna.
- Medicina Preventiva e Saúde Pública.
- Nefroloxía.
- Pneumoloxía.
- Neurofisioloxía Clínica.
- Neuroloxía.
- Oncoloxía Médica.
- Oncoloxía Radioterápica.
- Reumatoloxía.

2. Tronco número 2: Tronco Cirúrxico (TCC)

Duración: axustarase ao previsto no artigo 19.2 da Lei 44/2003, do 21 de novembro.
Especialidades que o integran:

- Anxioloxía e Cirurxía Vascular.
- Cirurxía Cardiovascular.
- Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo.
- Cirurxía Oral e Maxilofacial.
- Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía.
- Cirurxía Pediátrica.
- Cirurxía Plástica, Estética e Reparadora.
- Cirurxía Torácica.
- Neurocirurxía.
- Uroloxía.

3. Tronco número 3: Tronco de Laboratorio e Diagnóstico Clínico (TCLDC)

Duración: axustarase ao previsto no artigo 19.2 da Lei 44/2003, do 21 de novembro.
Especialidades que o integran:

- Análises Clínicas e Bioquímica Clínica.
- Xenética Clínica.
- Inmunoloxía.
- Microbioloxía e Parasitoloxía.

4. Tronco número 4: Tronco de Imaxe Clínica (TCIC)

Duración: axustarase ao previsto no artigo 19.2 da Lei 44/2003, do 21 de novembro.
Especialidades que o integran:

- Medicina Nuclear.
- Radiodiagnóstico.

5. Tronco número 5: Tronco de Psiquiatría (TP)

Duración: axustarase ao previsto no artigo 19.2 da Lei 44/2003, do 21 de novembro.
Especialidades que o integran:

- Psiquiatría.
- Psiquiatría do Neno e do Adolescente.

II. Relación de especialidades médicas e pluridisciplinares incluídas no anexo I do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, que non se adscriben ao sistema formativo troncal

- Anatomía Patolóxica.
- Dermatoloxía Médico-Cirúrxica e Venereoloxía.
- Obstetricia e Xinecoloxía.
- Oftalmoloxía.
- Otorrinolaringoloxía.
- Pediatría e as súas Áreas Específicas.
- Radiofarmacia.
- Radiofísica Hospitalaria.

ANEXO II

Relación de áreas de capacitación específica

1. Área de capacitación específica:

Nome: Enfermidades Infecciosas.

Especialidades desde as cales se poderá acceder:

Médicos especialistas en Medicina Interna, Microbioloxía e Parasitoloxía, Pneumoloxía e Pediatría e as súas Áreas Específicas.

2. Área de capacitación específica:

Nome: Hepatoloxía Avanzada.

Especialidades desde as cales se poderá acceder:

Médicos especialistas en Aparello Dixestivo e Medicina Interna.

3. Área de capacitación específica:

Nome: Neonatoloxía.

Especialidade desde a cal se poderá acceder:

Médicos especialistas en Pediatría e as súas Áreas Específicas.

4. Área de capacitación específica:

Nome: Urxencias e Emerxencias.

Especialidades desde as cales se poderá acceder:

Médicos especialistas en Medicina Interna, Medicina Intensiva, Medicina Familiar e Comunitaria e Anestesioloxía e Reanimación.